

**CANDO OS MONXES
QUIXERON ACABAR COS
FOROS: A CONFLITIVIDADE
ARREDOR DA TERRA NA
ÉPOCA DE FREI MARTÍN
SARMIENTO**

Pegerto Saavedra

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/eiems.2024.006](https://doi.org/10.17075/eiems.2024.006)

AS RAZÓNS QUE LEVARON A SARMIENTO A OCUPARSE DOS FOROS

Dúas, a miúdo mesturadas, foron, na miña opinión, as grandes paixóns de frei Martín Sarmiento, ás que dedicou boa parte do seu traballo e talento: a relixión ou orde beneditina e Galicia. En certo modo, así o proclamou «el célebre gallego e incomparable estatuario» Felipe de Castro cando deseñou a lápida que cubriría no mosteiro de San Martín de Madrid o sepulcro de «este héroe de Minerva», da que se podería dicir o mesmo que Silio Itálico escribira do escudo militar de Aníbal: «Callaicae facere manus», segundo afirmou frei Anselmo Avelle na oración fúnebre pronunciada o 7 de febreiro de 1773 na honra do seu compañeiro de hábito e de nación. O predicador transcribe a lenda da lápida: «MARTINUS SARMIENTO, GALLAICUS. MONACHUS BENEDICTINI. CONGREG. VALLISOLET.», e inclúe no texto publicado numerosas composicións en castelán e nas linguas clásicas que loan o monxe pontevedrés, cualificado de «sabio christiano», de «biblioteca viva y exquisita» etc. (Avelle 1773: 18 e 46-47, entre outras¹).

Son varios os poemas que lembran a condición galega de Sarmiento, de modo que podemos ler versos en que lle chaman «Salomón gallego», «El mejor español que hubo en España / y el mejor gallego que hubo en Galicia» ou sabio que non tivo igual no pasado nin vai telo no futuro: «Y à tì, Galicia, Reyno muy dichoso / Por haber producido este Sarmiento, / En lance tan funesto, y lastimoso / Qué te podrá decir mi pensamiento? / Solo puedo decirte que es forzoso / Que eternices en tí tu sentimiento, / Porque es constante; que hasta el fin del Mundo / No has de producir otro tan fecundo. / A tì en fin, Pontevedra, noble cuna» (Avelle 1773: 71).

Aquí vou tratar principalmente de Sarmiento como defensor da orde beneditina, en concreto do seu dereito a dispor dos bens correspondentes aos foros que «vacaban» ou cumprían o prazo establecido nas escrituras. Tal é, segundo a confesión do propio autor e do compilador da colección de Medina Sidonia, e conforme o contido dos primeiros oitocentos parágrafos do texto, o motivo polo que comezou a escribir a *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género*

¹ Esta obra foi consultada no repositorio Minerva da Universidade de Santiago de Compostela.

*de erudición*², agora por fin editada ao completo, en cinco volumes, polo Consello da Cultura Galega e o Consello Superior de Investigacións Científicas, baixo a dirección de Henrique Monteagudo:

Con motivo de haberse esparcido un memorial a nome de las ciudades del Reino de Galicia, apoyado de unos informes de ciertos abogados de La Coruña, publicando era la causa de la pobreza de Galicia querer los monjes benedictinos y bernardos de aquel reino recobrar las tierras de sus monasterios que tenían dadas a foro, para volverlas a dar en arrendamiento o en nuevo foro, a puros labradores, como en su principio se había acostumbrado, tomó la pluma el sabio autor de esta obra para desvanecer las imposturas contenidas en dicho memorial e informes, señalando las verdaderas causas no solo de la miseria y pobreza de Galicia, sino de la despoblación y ruina de toda España, las que largamente expone en toda esta obra indicando los remedios que a ellas se deben aplicar, y dando reglas para promover la agricultura, población, plantíos, comercio y crianza de ganados; discurriendo para esto por toda la historia natural en sus tres reinos, vegetal, animal y mineral, contrayéndolo especialmente al Reino de Galicia. (660 pliegos, §45)

Así principia o tomo XIII das obras completas sarmentinas da colección de Medina Sidonia.

O autor da copia procura, con elegancia, desculpar as digresións e a «falta de método» dun texto dedicado en orixe aos foros, pero que rematou tratando de «Historia natural y de todo género de erudición», e remite a algúns parágrafos en que o propio Sarmiento reconece que se fora apartando do asunto principal, en ocasións para facer comentarios puntuais que finalmente se converteron en substancia:

Protesto que cuando tomé la pluma para formar este papel, ni pensé escribirle tan prolijo, y vivía muy distante de meterme en agricultura, población y comercio. Estando casi a la mitad del papel, supe que en Madrid se hablaba mucho y se escribía de la agricultura, etc. Más por incidencia que por asunto, se divirtió la pluma a proponer algunos cálculos

² Remitiremos abreviadamente a esta obra como *660 pliegos*. Todas as citas pertencen ao volume I desta publicación. Quero manifestar o meu recoñecemento ao traballo que realizou Henrique Monteagudo, en particular para localizar e dixitalizar todos os escritos de Sarmiento, repartidos por moitos arquivos e bibliotecas, algúns descoñecidos ata entón, comparar as versións dos orixinais e das diferentes copias, etc.

y reflexiones sobre lo que todos hablaban, y a pocos pasos me vi empeñado en tomar por asunto lo que había empezado por incidencia.

Así, ninguno debe extrañar que mis discursos, buenos o malos, hayan salido tan sin método y orden, y que aun en lo material hayan salido tan tumultuariamente escritos. [...] No vivo tan despreciado de mí mismo que no crea que si quisiese poner en limpio estos borroneos, como salieron de la cabeza inmediatamente a la pluma, también los coordinaría menos mal, con algún método, división y con mayor claridad. (660 *pliegos*, §1423-1424)

Noutro parágrafo, despois dunhas consideracións sobre a necesidade de coñecer e estudar a lingua galega, cualifica o que vai escribindo como uns «tumultuarios apuntamentos, estas extemporáneas memorias, o llámense estos confusos borroneos» (660 *pliegos*, §306).

Con todo, para el as digresións que o retiraban do tema principal estaban a miúdo xustificadas, e así argumenta a atención que lle presta á Única Contribución: «Dirá alguno: ¿y por dónde viene al caso de estos borroneos para un memorial apologético de San Benito sobre la equidad de sus foros, la faena de la Única Contribución? Digo que viene al caso por la identidad de ser un caso mismo» (660 *pliegos*, §566). A relación entre os dous asuntos está en que, na súa opinión, das rendas forais que pagaban os labregos, só o vinte por cento (catro de vinte) ía ás arcas dos mosteiros, mentres que o resto quedaba nas mans dos intermediarios, e o mesmo pasaba co fisco real, pois o monarca percibía a mesma cativa proporción do total co que contribuían os vasallos, mentres que a maior parte servía para enriquecer os que se encargaban das reparticións das cotas e da cobranza:

El intento de la Única Contribución ha sido quitar del medio tanto zángano y ocioso con crecidos salarios que media entre el vasallo que paga y el Rey que recibe. Este es el intento que se debe solicitar por todos modos que se consiga, y siempre con eso se conseguirá que el Rey perciba más y que el vasallo pague menos. Y ese mismo intento es el asunto capital de todos estos papeles. (660 *pliegos*, §751)

É dicir, se o monarca quere acabar con «los infinitos intermedios, sacaliñas, sacamantas, sacatrapos y sacabocados que quieren ser reyes», el escribe para apartar de entre os mosteiros e os labregos aos lacazáns, «parafustáns» e caciques que viven

folgando á conta dos subforos (660 pliegos, §739)³. Con todo, non parece que entendese ben a verdadeira natureza e novidade da chamada Única Contribución, e, de calquera xeito, as moitas pescudas realizadas para establecela parecíanlle inútiles.

Sarmiento comezou a escribir a que sería a *Obra de 660 pliegos* por novembro de 1762, segundo el mesmo confesa en 1767 cando fai relación dos textos da súa autoría e dalgunhas noticias biográficas:

1762. Por noviembre, sobre foros, papel ligero, porque instaba la prontitud /5 pliegos/.
1762. Por diciembre hasta el agosto de 766, ocupé todo este tiempo en continuar el asunto de los foros; señalando su antigüedad y origen. Con esta ocasión se explican los principios de la agricultura en España⁴.

Trata primeiramente dun informe elaborado polo que el chama Colexio de Avogados da Coruña, aínda que se trata do Colexio de Avogados da Real Audiencia do Reino. O ditame dos letrados defende, na súa opinión, «la disparatada y monstruosa pretensión de que, *velis nolis*, el que tuviere la propiedad de algunas tierras en Galicia, aunque haya hecho el desatino —o tal vez la gracia— de aforarlas a Pedro por tanto tiempo determinado, no pueda, acabado el plazo, incorporarlas en sí, o para cultivarlas, o para arrendarlas, o para aforarlas a otro que dé más» (660 pliegos, §4).

Pero, á parte do escrito dos avogados da Audiencia, corrían outros con propostas semellantes:

Confieso que no pasan de ocho días que he visto tres piezas impresas conducentes a esa inicua pretensión: un memorial y dos informes, aquel cargado de calumnias y los dos atestados de fárragos inútiles. Todo es contra los seculares y eclesiásticos que tienen el dominio de propiedad en sus tierras [...].

³ Os seus comentarios sobre a Única merecerían un tratamento á parte; como proxecto, o catastro buscaba a equidade fiscal e cambiaba en profundidade o sistema vixente, en beneficio das economías vilegas e en prexuízo dos rendistas e tamén dos labregos. Outra cousa é que a súa complexidade técnica e a forte oposición con que se atopou impedisen finalmente a súa implantación. Para o caso de Galicia, cf. Saavedra 2007.

⁴ *Vid.* «Catálogo de los pliegos que yo, Fray Martín Samiento, beneditino y profeso en San Martín de Madrid, he escrito de mi pluma y letra sobre diferentes asuntos», edición de Santos Puerto (2002c). Unha versión en galego, diferenciando as edición antigas de Viñas Cortegoso e do padre Goyanes, atópase en Monteagudo 2002: 363-384.

Pero el objeto principal de la conjuración es la Religión de San Benito con sus dos cogullas, blanca y negra, queriendo persuadir a mentecatos que las tierras de San Benito en Galicia son unos bienes mostrencos que cualquiera los podrá usurpar, retener y hacerse carne y sangre de ellos, *etiam invito domino*. (660 pliegos, §4-5)

Aclara que só vai prestar atención aos bens da súa congregación, a beneditina de Valladolid, esquecéndose dos da igrexa secular, dos pertencentes a conventos e mesmo dos de titularidade da Congregación de San Bernardo, moi poderosa en Galicia: «Todos los dichos sabrán mejor que yo el derecho que tienen a sus tierras. Yo solo me ciñiré a las tierras que en Galicia posee la cogulla negra, porque tengo tal cual conocimiento del origen, antigüedad, aumento y decadencia de sus haciendas». Tamén está informado das dos cistercienses, pois a estes pasaron «de manos de los benedictinos, que ya las poseían», pero dá por feito que os bernardos saberán defenderse botando man dos moitos documentos de que dispoñen nos seus arquivos (660 pliegos, §6).

O Colexio de Avogados da Real Audiencia redactara, por petición do Consello de Castela, dous ditames, un datado o 30 de novembro de 1761 e outro o 28 de febreiro de 1762. O primeiro saíu publicado entón, mais o segundo parece que non, aínda que iso non impedía que Sarmiento puidese consultar unha copia. Ambos os dous textos foron editados, xunto con varios máis que tratan tamén dos foros, por Ramón Villares e José Luis Díaz-Castroverde no libro *O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII*, dentro da colección Biblioteca de Clásicos Agrarios Galegos, do que proceden varias das citas que farei (Villares / Díaz-Castroverde 1997). Pola súa banda, as Xuntas do Reino solicitaron en diversas ocasións, xa desde a década de 1620, a renovación forzosa dos foros, e a actividade da institución foi acadando maior intensidade conforme concluían moitos contratos coa morte dos reis: 1700, 1746 e sobre todo 1759, cando chega ao trono Carlos III despois de que finase Fernando VI, quen estivera os dous últimos anos da súa vida privado de xuízo e, polo mesmo, imposibilitado de tomar decisións.

O memorial máis coñecido, elaborado por iniciativa da Xunta e titulado *La Natural Razón: por el Reino de Galicia, contra los monasterios de la orden de San Benito y San Bernardo, del mismo Reino, y contra el Marqués de Astorga, conde de Altamira...*, tivo entrada no Consello de Castela en novembro de 1767, cinco anos despois de que os mosteiros presentasen, en decembro de 1762, o borrador

do *Manifiesto Legal en que persuaden el Conde de Altamira y la religión de San Benito que la pretensión que tienen introducida algunos poderosos de Galicia con el nombre de Reino...*, que só recibiu autorización para a súa impresión —pero non para a difusión— en xullo de 1763 (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 30-40).

Sarmiento non coñeceu, por tanto, namentres redactaba a *Obra de 660 pliegos*, o texto publicado *La Natural Razón* (pero si outros memoriais anteriores, pois as cidades e as Xuntas presentaran varios desde década de 1740) e seguramente tampouco influíu no contido do *Manifiesto Legal*, asinado polos avogados Juan Antonio Herrero, Joaquín de Zúñiga e José Cayetano de Lindoso. Do que non cabe dúbida é de que concordaría co contido deste último. Porén, os textos citados, aínda que fundamentais para entender a conflictividade foral, son só unha parte dos escritos arredor de 1760 tanto polos defensores da renovación forzosa como polos da posición dos mosteiros e do conde de Altamira. É certo que os primeiros foron máis activos, como sinala Xosé Ramón Barreiro Fernández:

No ano 1760 e seguintes a presión é constante, e sucédense as representacións [por parte dos contrarios aos mosteiros]. Líbranse cartos para os gastos dos avogados e sobre todo conséguese que apoien a petición [das Xuntas do Reino] o Marqués de Croix, Capitán Xeral, e o Arcebispo. Nesta derradeira fase será o Delegado na Corte, D. Xosé Francisco de Zúñiga, quen exercerá unha febril actividade. Imprime ás agachadas os memoriais xa que ningunha imprenta se atrevía a facer impresións contra os monxes, o que explica que case todas as representacións carecen de pe de imprenta, remite os exemplares ás persoas das tiña absoluta seguridade de que non filtrarían o seu contido ós monxes para impedirlle-la súa defensa... (Barreiro Fernández 1985: 254)

Xa que logo, a Xunta do Reino, con repetidas representacións e memoriais, foi a institución que estivo á fronte da loita pola renovación forzosa dos foros cando Sarmiento comezou a ocuparse do tema, e por iso tratou de desacreditala, negando a súa representatividade, así como a do Colexio de Avogados da Real Audiencia⁵.

⁵ As *Actas de las Juntas del Reino* foron editadas por Antonio Eiras Roel, e as que aquí interesan, as posteriores a 1714, por Miguel Román Martínez (*Xuntas do Reino de Galicia: actas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009-2010).

O que enfada ao bieito pontevedrés é a pretensión das institucións portavozes da fidalguía subforista —o Colexio de Avogados e as Xuntas do Reino— de obrigar os mosteiros a renovar aos descendentes dos primeiros foreiros as cesións que caducaran, ben pola morte dun rei (Filipe V e Fernando VI, principalmente) ou ben por falecer a terceira e última voz, en principio un neto da familia que recibira en orixe as terras en foro. Esta aspiración viña de lonxe, como quedou sinalado, e contaba co apoio de textos legais como o do autorizado xurista de tendencia regalista Francisco Salgado Somoza, en *Patrocinium pro patria* (c. 1640), e o do marqués de Mos, fidalgo principal que chegou a ser deputado do Reino na corte, que asinou o *Memorial a Carlos II* (1699), escritos ambos por solicitude das Xuntas, presentados no nome do Reino e non por casualidade imprimados de novo a mediados do XVIII.

En opinión de Murguía, o *Memorial* é en realidade obra do xesuíta Juan de Araújo, nado en terras de Ourense e morador no Colexio Imperial de Madrid, quen introduce na argumentación en favor da continuidade dos foros unha novidade cando afirma que a lei 69, título 18, partida 3, do código das *Partidas* obriga os abades e mosteiros a renovar os foros unha vez desaparecida a terceira voz, cousa que en Galicia e Asturias non se cumpría, e onde ademais as rendas terían subido moito. Non era preciso, por tanto, unha lei nova en materia de foros; chegaba con aplicar unha ben antiga. A súplica do Reino, di o *Memorial* do marqués de Mos:

[S]e reduce, a que V[uestra] Maj[estad] con los apremios más eficaces mande se observe, practique y ejecute lo que el señor Rey Don Alonso ordenó y estableció en la *ley 69. tit. 18. part. 3.* de que los Abades y Monasterios (en que se comprenden los demás Eclesiásticos y Seglares) por sólo su arbitrio no dispusiesen de las posesiones y tierras, que una vez hubiesen dado en enfiteusis o aforamiento por tres vidas o generaciones, como se acostumbra, sino que cuando éstas se acabasen o sucediese por cualquier causa la vacante de dichas enfiteusis, estuviesen obligados a conceder las mismas tierras a favor de los parientes de la cuarta generación del primero a quien se la habían concedido. (Villares / Díaz-Castroverde, 1997: 91)

En favor desta interpretación, o texto cita varios comentaristas e engade ao remate o parecer de diversos avogados de Madrid (Villares / Díaz-Castroverde,

1997: 90-171). Sarmiento dirá que tal lei non comprende os foros dos mosteiros, e non perde ocasión de descualificar os comentaristas de leis, que para el son unha peste, pois só embarullan normas en orixe breves e claras.

AS CAUSAS DO AUMENTO DA CONFLITIVIDADE FORAL DESDE COMEZOS DO SÉCULO XVIII

Para entender por que o conflito foral se vai facendo máis rexo desde 1700, e de xeito especial con ocasión da morte de Filipe V e Fernando VI, cómpre reparar, primeiramente, en que no decorrer do século XVII os donos do directo dominio cambiaron en moitas ocasións a duración dos foros e pasaron de establecelos por tres voces ou xeracións a fixalos por vida de tres reis de España. Esta modificación tiña a súa importancia, pois cando os señores facían os contratos por voces debían levar conta da historia de cada familia para saber o momento en que morría o último posuidor, o que lles permitía recuperar o control das terras. Os foreiros estaban obrigados a comunicar ao directo dominio os falecementos e sucesións, que se anotaban nos chamados «libros de nomeamento de voces», pero poucas veces o facían: «[H]ay grandísima necesidad de nombrar las voces», porque, en caso contrario, «quieren hacer los foros perpetuos, y aunque vaquen no hacen caso de hacer foro nuevo sino llevarlo como se les antoja», avisaba a comezos do XVII un monxe de San Clodio (Saavedra 2021: 92).

O caso é que en preitos de mediados do XVIII aparecen foros feitos cento cincuenta anos antes, e os colonos din que aínda están na segunda voz, tanto duraba a vida dos labregos... Por outra banda, á marxe das condicións que figuraban nas escrituras, os bens circulaban entre parentes e veciños por vendas, partillas, trocos e hipotecas, e isto motivaba que unha parte das terras deixase, co tempo, de estar baixo o control da persoa á que lle correspondía ser a voz. É dicir, as terras aforadas nun momento determinado a un matrimonio remataban, co paso dos anos, repartidas nas mans de moitos e pagando cargas a novos rendistas.

A diario, abades, arquiteiros e priores traballaban para evitar o «escurecemento» do dominio por obra da malicia dos colonos. Así, o arquiteiro de San Clodio advertía en 1616: «[E]n esta tierra he hallado por experiencia hay mucha facilidad en negar la hacienda que es del monasterio, haciéndole diezmo a Dios, y dado

caso de que no lo hagan, muchas veces no pagan bien [...]. Y ansí hay grandísima necesidad de poner remedio en esto, y no sé cuál pueda ser», pois de nada servían as ameazas con excomuñóns e pauliñas («he hallado muy pocos escrupulosos»). E cando se aforaban viñas por renda sabida, «de allí a veinte años está dividido [o pago da renda] entre treinta dueños, y uno [paga] un canado, otro medio, otro una cuarta; el uno vive en Santiago, el otro en Orense, otro no sé donde, lo cual es grande perdición y se gasta más en cobrar [que] lo que vale»⁶.

Otro monxe de Penamaior considerábase obrigado a finais do XVII a avisar os seus compañeiros («según la experiencia que tengo desta tierra, que hiçiera escrúpulo de no advertirle aquí») da necesidade de levar rexistro das moitas «ventas y enajenaciones que hacen los foreros de los bienes, trueques y escambios que ellos llaman, y dando parte dellos en dote y casamiento a los hijos cuando los casan»⁷. Aínda conta mellor esta realidade a advertencia, «moi esencial», coa que un relixioso de Oia describía arredor de 1700 as mañas dos colonos para escurecer o patrimonio da comunidade monástica, ou sexa, volver imposible co paso do tempo a identificación das terras:

Una de ellas, y de las más principales, es que cuando un petrucio cabeza de casa muere y sucede traer bienes, verbigracia, del cabildo y bienes de la iglesia y bienes suyos propios y bienes, verbigracia, del convento de Oya, hacen sus herederos un montón de todos ellos, como de cosa suya, y luego los parten. Después hacen montón de las pensiones y rentas, y las parten entre sí, y el que lleva la propiedad del cabildo, verbigracia, paga al convento de Oya, y el que lleva la de Oya paga a la iglesia, y así de los demás. Y en esta forma van pagando algunos años, arrastrado y de mala manera, hasta que se les antoxa de no pagar, o que el dueño del foro y bienes execute por justicia o demande los bienes.

Entonces salen oponiéndose con sus trampas; el dueño de los bienes saca sus papeles de foros y apeos, y se reconoce, verbigracia, que el que trae la heredad del cabildo no ha pagado renta en muchos años, porque le pagó el otro heredero, aunque mal y arrastrando; y de aquí levanta el grito el que pagó, diciendo ha pagado tantos años injustamente, sin traer bienes del cabildo [...].

⁶ Archivo Histórico Nacional, Clero, San Clodio, códice 424; Lucas Álvarez 1996: 473.

⁷ Archivo Histórico Nacional, Clero, Penamaior, libro 6.207.

El otro clama que siendo propia diezmo a Dios la heredad, y no habiendo pagado renta alguna, ahora le cargan pensión, y levanta el grito, publicando que es tiranía y latrocinio, verbigracia, del cabildo, lo que fue falacia de sus padres y abuelos en las partixas y enredos. Lo mesmo hacen otra vez los hijos destes, y después sus nietos, por muerte de cada petrucio, con que en largo tiempo todo es enredo, confusión y reboltorio para confusión de los bienes, que es lo que los labradores quieren, para que a río revuelto ganancia de pescadores⁸.

Desde 1560 ata 1650-1660 os mosteiros ordenaron os seus arquivos (ou creáronos como oficina primordial de cada casa), fixeron inventarios e resumos de escrituras (tombos, que eran «a chave» do arquivo) e realizaron numerosos apeos, todo por mandado superior das congregacións. Non obstante, na segunda metade do XVII van deixando de realizar apeos, convencidos seguramente os monxes de que constituían operacións traballosas e de que os documentos resultantes andado o tempo perdían capacidade como proba de dominio, pois os cambios na paisaxe e a mencionada circulación continua das terras provocaban que no decorrer dunha xeración a fasquía do espazo agrario descrito nun mazo gardado con coidado no arquivo xa non existise (Saavedra 2013). Influíu tamén nese abandono, segundo ten sinalado José Luis Díaz-Castroverde, unha real cédula do Consello de Castela do 23 de xaneiro 1630, que facía máis complexos os trámites para conseguir a autorización para un apeo, ao ser precisa unha provisión do Consello ou da Real Audiencia, despois de que as Xuntas do Reino representasen en reunións de 1628 e 1629 que «también se han experimentado grandes daños en hacerse los apeos en este Reyno por jueces de abadengo y señoríos, dueños de las jurisdicciones, y con ocasión dellos se piden y sacan muchas haciendas injustas a los naturales, y así se suplica a su Magestad no se haga de aquí adelante si no es provisión del Consejo o de esta Audiencia y cometidas a jueces reales y no a otros de abadengo o señorío» (Díaz-Castroverde 2019: 101-103).

O texto *La Natural Razón* lembra a continua «transmigración» dos bens e, aínda sendo confesión de parte (dos fidalgos interesados na renovación forzosa dos foros), non deixa que axustarse á realidade:

⁸ Archivo Histórico Nacional, Clero, Oia, códice 60.

Preciso es también, sean difíciles los Pleitos; especialmente en Foros antiguos. Cada poseedor los ha repartido en su tiempo para dar estado a los hijos. Síguense a esto las divisiones hereditarias en la muerte de cada uno. No pocos lo vincularon a la Parentela. Muchos instituyeron Patronatos, Memorias, Capellanías. [...] No son menos los que vinieron a gravarlos con Censos, Pensiones, y otros cargos para salir del apuro. Otros los enajenaron en todo, o en parte, por necesidad, por conveniencia, o por capricho. Otros, en fin, los confundieron con los suyos; habidos por herencia, y otros títulos; o por rompimiento en próximas Tierras incultas.

[...] Al cabo de dos, o tres siglos; dónde estarán esos bienes, después de tantas transmigraciones, y partijas? Recurrir a los Papeles, es en vano. Los Pobres, mayormente Rústicos, o Idiotas no tienen más monumentos, ni Archivos, que la memoria, común tradición, y uso público. Con éste, se creen seguros: Poseen de buena fe, porque han poseído, o sus mayores [...]. (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 249)

Coa duración dos foros establecida por vida de tres reis arranxábase o problema de controlar a caducidade dos contratos, pero non os outros, pois o «manexo do territorio» ou a capacidade para facer circular as terras seguía en mans dos foreiros, segundo acredita o texto que acabo de citar. Polo menos coa nova forma de cómputo os donos do directo dominio sabían, con só repasar os libros de foros, que todas as cesións feitas, por exemplo, durante o reinado de Filipe III (1598-1621) chegaron ao seu termo coa morte de Carlos II en 1700, namentres que as realizadas baixo o reinado de Filipe IV (1621-1665) e Carlos II (1665-1700) caducaron en 1746 (o breve reinado de Luís I, en 1724, non contou) e 1759, respectivamente. En contrapartida, os donos do directo atopáronse con que, ao rematar na mesma data os prazos de centos ou milleiros de foros, era máis doado que aparecen conflitos, pois de súpeto numerosas familias sentíanse ameazadas coa suba da renda ou con outros cambios aínda peores, como a substitución de foros por arrendos e mesmo a orde de abandonar as terras que traballaran durante xeracións.

A aumentar o número de afectados contribuía tamén o proceso xa mencionado de esfarelamento das terras nas herdanzas e compravendas, un feito ben documentado xa no XVII e agravado no XVIII, cando é doado comprobar que hai forais divididos entre ducias de colonos, e a miúdo cada un só paga uns litros de cereal de renda por unha leira de poucos metros cadrados. A análise da traxectoria

do número de demandas de «reivindicación» de bens por parte dos mosteiros —un trámite para recuperar as terras e inmobles de foros rematados— pon de manifesto que hai moitas máis antes de 1700 que despois, pero isto é enganoso, porque as demandas da segunda metade do XVI e do XVII, cando os foros se facían por voces, normalmente afectan só a unha familia, da que finara a última voz, namentres que nas presentadas á morte dun rei poden estar incluídos centos de colonos posuidores de bens aforados en calquera ano da vida doutro rei que fora a primeira que comezara a contar (Saavedra 2021: 108-112).

Á conflictividade ocasionada pola caducidade de numerosos foros ao mesmo tempo engadiuse outro feito que motivou que os intermediarios e os colonos amosasen unha maior resolución á hora de negarse a ceder os bens aos directos dominios: a intención amosada polos mosteiros e por algún nobre, como o caso do conde de Altamira, de transformar os foros en arrendos. A congregación beneditina, nos seus acordos, convertidos en constitucións, viña mandando aos abades xa desde a primeira metade do XVI que non cedesen o patrimonio en enfiteuse, algo tamén prohibido polo dereito canónico, que consideraba a enfiteuse un verdadeiro alleamento (Barreiro Fernández 1985: 247-252). A bernarda fíxoo sobre todo desde mediados do XVII, aínda que os abades non podían actuar fóra do contexto socioeconómico e xurídico no que estaban radicados os seus bens, e por iso as formas de explotación dos patrimonios monásticos non son as mesmas en Galicia que en Valladolid ou Segovia, onde as terras dos regulares andaban arrendadas e ata en explotación directa, cultivadas por criados e xornaleiros.

Ocorre que, á vista dos problemas que lles causaba o escurecemento dos dominios, os monxes fóronse decatando de que só mediante os arrendos estaban en condicións de controlar dun modo competente as terras coas rendas que pagaban, pois os foros daban aos donos do útil, labregos ou fidalgos, a posibilidade, na práctica, de actuar como verdadeiros propietarios, partindo, vendendo, trocando e hipotecando, segundo quedou demostrado. Dentro dos mosteiros circulaban na década de 1740 «pareceres» que aconsellaban arrendar as terras directamente a labregos e esquecerse dos foros, como pode lerse nun deses papeis, dado a coñecer por Baudilio Barreiro Mallón:

[E] verdadero medio para ocurrir a la miseria de aquellos pobre naturales es establecer una ley que anule y destruya este mal nombre de foros para que consolidado el dominio útil

con el directo, que tienen los verdaderos dueños, arrienden estos sus tierras y heredades a los mismos vecinos de los pueblos en que se hallan y que son los que la labran que es bien seguro que lo arán [os arrendos] a precios muy moderados... sin que medie otra persona que ociosa y sin trabajo alguno perciba tan excesiva utilidad [...] (Barreiro Mallón 1972: 112)

Moitos priores tamén se amosan partidarios dos arrendamentos. O que mellor resumía a vantaxe deste tipo de cesións era o que estaba encargado en 1742 de Bóveda de Amoeiro, sufragáneo de San Martiño Pinario:

Soy de sentir en Dios y en mi conciencia que si vacasen algunos foros no se vuelvan a aforar, sino ponerlos en arriendo. Con esto reditúa más la hacienda, están más sujetos los caseros, no se pierden las haciendas; no hay pleitos sobre ellas [...], porque como se les puede quitar al acabar los arriendos [...] son más atentos y están más sujetos [os colonos]. (Fernández González 1995:140)

Sarmiento concordaba con esta opinión, como se verá. Tamén nos fondos do conde de Altamira, que se puxo da parte dos mosteiros na loita contra a renovación obrigatoria, aparece nunha instrución reservada de abril de 1762 para o goberno e administración dos estados da Casa a orde de que se arrenden os bens dos foros que vaian cumprindo os prazos⁹.

Facer arrendos no canto de foros non parecía, de entrada, que presentase problemas, unha vez que as antigas cesións cumprisen os prazos. Para os mosteiros resultaba doado conseguir da Audiencia do Reino unha real provisión para tomar posesión das terras de contratos que remataran a duración acordada: con acreditar o directo dominio e a caducidade da cesión, o asunto estaba resolto. Pero as dificultades viñan a continuación, cando había que identificar *in situ* as terras afectadas, pois os monxes adoitaban presentar como probas de dominio foros e apeos antigos, en ocasións feitos máis de cento cincuenta anos atrás, e

⁹ Arquivo do mosteiro de San Paio de Santiago, fondo de Altamira, mazo 7-2. Sería preciso un estudo demorado para coñecer as razóns polas que a Casa de Altamira (que na Baixa Idade Media formara o seu dominio sobre bens da Igrexa de Santiago) foi a única que se puxo de parte dos mosteiros. Puido influír a actitude do seu administrador en Galicia e tamén o feito de que esta Casa mantivo a independencia grazas á sucesión «de varón a varón», namentres que outras remataron agregadas á de Alba e á de Medinaceli.

polas razóns xa declaradas, as mudanzas que fora notando a paisaxe axudaban aos foreiros no seu empeño en negar que os bens descritos en papeis vellos se correspondesen cos que eles viñan traballando e agora terían que deixar. O propio Sarmiento afirma, no tocante a isto:

Jamás volverá una tierra aforada al dominio directo o al monasterio sin pleito de demanda, sin pleito de apeos, sin pleito de mejoras y sin pleito sobre la identidad de las tierras. Con todos estos gabarros compra la Religión cuatro veces su misma tierra cuando la incorpora porque la necesita. (*660 pliegos*, §365)

Negar a identidade dos bens constituía un xeito de resistencia, o mesmo que recusar os escribáns relatores da Audiencia encargados de facer efectivas as reais providións, non presentárense os cabezas de casa ás citacións, reclamar o pagamento de melloras e perfectos, armar ruxida para escandalizar e desacreditar os monxes, organizar pequenos motíns, recorrer ao rei (mesmo viaxando a Madrid) e fuxiren das aldeas os homes, deixando as mulleres e os nenos ao coidado das casas e das terras, pois, como as casadas non podían intervir en preitos civís (ou no outorgamento de escrituras) sen permiso do marido, gozaban nas circunstancias mencionadas de certa impiedade, nacida precisamente da discriminación xurídica que sufrían.

Sería doado citar varios destes casos, desde o dos veciños de Montecubeiro, en Castroverde, foreiros do convento de San Domingos de Lugo, ata o do couto de Rubillón, en Avión, de señorío do mosteiro de Melón. Aquí, as mulleres do lugar de Penedo gardaron as casas e a facenda durante case ano e medio, entre 1754 e 1755, sen que o relator da Audiencia e o prior puidesen dar cos homes que andaban escapados. Finalmente foron expulsadas dos fogares e tiveron que andar de porta en porta, pero por pouco tempo, xa que os cabezas de casa viaxaron a Madrid para queixarse ao rei e presentaron na Audiencia un memorial de pobreza, apoiado por moitas testemuñas que declararon que os viran pedir esmola porque un relator parcial e un prior avarento os botaran das súas casas. O xente da Audiencia escribiulle ao abade de Melón co rogo —que disimulaba un mandato— de que arranxase o problema, e así o fixo, renovándolles os foros aos mesmos que uns meses antes foran desafiuizados (Villares 1989; Díaz-Castroverde 1992; Saavedra 2021: 122-131).

Os foreiros afectados pola caducidade dos contratos procuraban que os preitos fosen «ruidosos», cousa que contribuía a desacreditar os monxes, que eran presentados diante da opinión pública como persoas avarentas, ás que non lles importaba deixar os colonos na pobreza. A honra dunha comunidade relixiosa —un importante capital simbólico— resultaba deste xeito controvertida. Así, o mosteiro de Oia sostivo un preito moi porfiado cos foreiros-vasalos das catro parroquias da xurisdición, que entre 1727 e 1734 se alzaron coa paga das diversas rendas con que viñeran contribuindo. Segundo conta o arquiteiro, a comunidade bernarda resolveu que para cobrar os atrasos era mellor poñer numerosas demandas, incluíndo en cada unha só uns poucos colonos, no canto de presentar unha soa contra todos os «rebeldes»:

[P]or haberse consultado con los mejores abogados de España, los cuales dijeron que no convenía que se dijese que se levantaba toda la jurisdicción, que sonaba muy mal en todos los tribunales, y que vencidas las dos feligresías [as de menos veciños] se vencerían las otras dos [...]. Referir por extenso [continúa o monxe] los lances principales que se sucedieron por espacio de doce años que duró el principal litigio fuera llenar todo este tumbo y quedar en los principios del pleito. Cuatro veces fueron los vecinos de estas dos parroquias [Mougás e Pedornes] a Madrid, delante de su Magestad; de la primero fueron hombres y mujeres más de noventa personas,

e das outras só os homes. O mosteiro logrou someter os colonos despois de perdoarlles atrasos por orde imperativa do rei, pero cando en 1751 quixo converter os foreiros da freguesía de Loureza en arrendatarios tivo que recuar:

para evitar que se levantasen a mayores, como lo habían hecho antes, y todos se conjuraron en no admitirlo [o patrimonio] en arriendo, determinando marchar todos a Madrid con hijos y mujeres a quejarse al rey; y el monasterio, para evitar estas quejas ruidosas, les volvió a hacer el foro¹⁰.

¹⁰ Archivo Histórico Nacional, Clero, Oia, código 60.

SARMIENTO CONTRA OS CACIQUES

Os dous ditames do Colexio de Avogados da Real Audiencia dirixidos ao Consello de Castela eran claramente favorables á renovación forzosa dos foros, cousa que, non sen razón, alporizaba a Sarmiento. No primeiro texto, os letrados concordan coa argumentación de Salgado Somoza, do marqués de Mos (quen afirmaba que xa a Lei de Partida impedía aos donos do directo recuperar as terras, en prexuízo dos poseedores consuetudinarios do útil, segundo se viu antes) e das Xuntas do Reino:

[L]a pretensión de el Reino, en lo principal de la Renovación, es tan justa, y legal, como que está probada en la opinión más segura, y fundada en la equidad natural, utilidad común de los Pueblos, y conservación de los fieles Vasallos de S.M., y que por ello debieran las Ciudades de el Reino procurar con mayor eficacia la Resolución de S.M. (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 175)

Engaden que foron os colonos os que puxeron en cultivo as terras, e entón a cantidade de rendas que pagaban aos donos do directo dominios subiron:

[D]imanado este aumento de el brazo, e industria de el Labrador, y de el afán de romper tierras, y agregarles porciones de montes comunes, poniendo todo con perfección, y gastando para ello no solo su sudor, sino su propio caudal.

[Pero resulta que agora, r]econociendo los Dueños del Directo Dominio, hallarse las voces de los Foros fenecidas, y deseando algunas Comunidades hacer Granjas, y Casas de recreación, los Prelados, y Superiores acomodar sus Parientes, y Amigos, y los Priors, y Granjeros igualmente a los suyos, y acaso Criados, y los Particulares aumentar sus Caudales, pretenden los despojos contra los Poseedores de los bienes, quienes, enterados, o sospechosos de el fin, para que se les quiere despojar, proponen, para resistirlo, cuantas defensas ocurren a su imaginación [...]. (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 178)

Isto provoca preitos largos e custosos, «con lo que quedan aniquilados los Foreros, y algunos incapaces de mantenerse en el Reino, y cuando lo hagan, tan pobres, que no pueden contribuir a los Reales Derechos» (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 178).

Deseguido, de modo finxido, os avogados temperaban algo ese duro parágrafo, aclarando que a causa do dano non había de atribuírse aos relixiosos que gobernaban os mosteiros, senón aos apoderados e dependentes encargados dos preitos, que querían facerse valer diante dos abades e enganaban os foreiros para que abandonasen as súas casas de morada. Non se esquecen de sinalar que dentro do estamento eclesiástico hai persoas e institucións moi principais en Galicia que veñen renovando sen problemas os foros, caso dos arcebispos de Compostela Antonio de Monroy e Bartolomé Rajoy, o cabido catedralicio da mesma cidade e outros, mesmo —afirman— o mosteiro beneditino de San Martiño Pinarío.

É certo, engaden, que nas súas resolucións a Real Audiencia non estila «el precisar en justicia a los dueños del directo dominio a que, fenecidas las voces de los foros, se renueven a favor de los últimos enfiteutas, o sus herederos», como xa foi advertido polos letrados que elaboraron un memorial en nome do Reino, pero o alto tribunal vén actuando así —din con cortesía aparente os membros do Colexio de Avogados— porque ata os últimos tempos o habitual eran as renovacións pacíficas, e aínda segue habendo moitas. O informe argumenta que a continuidade dos foros debería beneficiar tanto os colonos como os intermediarios, en xeral membros da nobreza, repartindo, se o caso for, entre uns e outros o posible aumento da renda. Para os letrados, a medida era boa para todo o Reino, xa que ía favorecer a mellora da agricultura, o aumento da poboación, o cese dos preitos e o progreso da «numerosa, y brillante Nobleza de el Reino, que casi toda afianza su subsistencia, y Patrimonios en los Foros de Prelados, y Comunidades, y frecuentemente se ve en muchos de sus Individuos, expuesta a la mendiguez por los tales despojos» (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 184).

O segundo ditame veu motivado pola entrada no «Expediente General de Foros», aberto polo Consello de Castela en 1760, dun texto anónimo, que figuraba escrito polos «Pobres labradores del Reino», e que defendía os mosteiros e atacaba os subforistas porque na práctica ían ser os máis beneficiados da renovación forzosa dos contratos, ao permitirilles continuar gozando das caudalosas rendas que pagaban os colonos, que deberían ser os únicos aos que se lles cedesen as terras para cultivar. Agora, o Colexio de Avogados censura de modo aberto a riqueza da Igrexa: «[N]o necesitan aumentos de rentas las

Comunidades, e Igrexas del Reino, bien conocida es la opulencia con que viven sus individuos», como admiten os arcebispos Monroy e Rajoy (Villares / Díaz-Castroverde, 1997: 192).

Os letrados aclaran que pola súa profesión defenden día a día comunidades relixiosas, nobres e labregos, e están en condicións de acreditar que os nobres que outorgan subforos, «así en el cobro de sus rentas, como en la satisfacción de jornales, no hemos advertido las extorsiones, y tiranías que se ponderan en el papel, antes bien por lo general cobran sus rentas con equidad, y sin oprimir a los colonos, y cuando más la cobran a los valores que en los respectivos partidos pone la Justicia al fruto» (refírense á práctica moi común de cobrar as pensións en diñeiro, e non en especie, como estaba fixado nos papeis). Logo atacan os priores —«monxes granxeiros»—, porque terían acordos cos abades para gozar persoalmente do aumento das rendas que lograsen mediante os desafuizamentos e novos contratos, sen respectar o voto de pobreza, que lles prohibía ter bens propios, e caer, polo mesmo, no chamado «vicio propietario» (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 194-195).

A crítica aos priores, monxes comisionados fóra dos mosteiros para a cobranza das rendas e a defensa do patrimonio, que non gardaban clausura e que mesmo podían ter negocios particulares —como un de San Martiño, dedicado ao contrabando de tabaco na ría de Arousa na década de 1690 (Barreiro Mallón 2009)—, non é nova, pois xa a principios do XVIII, cando o abade de San Martiño Pinario contestou en 1700 ao *Memorial* do marqués de Mos, apareceron enseguida outros textos polémicos. Un deles, coñecido como «Suspiros de un aflijido», da probable autoría do xesuíta Araújo, acusaba os mosteiros beneditinos e bernardos de ricos e avaros, uns tiranos para os labregos, aos que gañaban todos os preitos con documentos falsos ou «pandeiros» (por estaren escritos nos coiros dos pandeiros). Este texto inclúe unha composición contra o propio abade, Martín Navarro, do que di que non é Martín como o de Tours, senón *martyrio* (para os colonos) e que vive nun inmovible no que todo é luxo («mean oro las ventanas de su Real Monasterio»):

San Martín, con ser francés
la capa partió con Dios,
y vos Martín Navarrés,

si el pobre tuviera tres
le quitárades las dos¹¹.

O autor anónimo do panfleto da mesma época titulado «Espejo clarísimo» afirmaba que «los priores de prioratos viven sin tener otro cuidado que el de sus vientres» e que os galegos estaban asoballados polos monxes nunha escravitude «más ignominiosa que si lo estuvieran de los mahometanos». Por iso, algúns escritos en favor da posición do abade de Pinario din que o autor dese texto contrario aos mosteiros ten cara de herexe, pois parece que admite as críticas que Calvino fixera aos frades: «Monasteria esse lupanaria potius, quam castitatis sacrarias»¹².

Para rematar o seu segundo ditame, os membros do Colexio de Avogados facían unha gabanza da nobreza galega, composta por familias de notoria calidade e que sempre prestara e seguía prestando grandes servizos á monarquía:

Pasan de tres mil las casas nobles, que hay en él [Reino], y entre ellas más de veinte se hallan elevadas a la grandeza y otras muchas tituladas; la nobleza sirve al Rey con todas sus facultades y con la decencia de su estado siempre que se les mande y la necesidad lo pida, y a estas casas y nobles se les quiere por el autor del anónimo privar de sus propios derechos y constituirles en el estado de que no puedan mantener el lustre de su nacimiento y servir a su Monarca,

sen reparar en que varios dos antepasados das casas nobres actuais fundaron e dotaron á custa dos seus bens mosteiros como Celanova, Lourenzá, Bóveda, Sobrado ou Oseira (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 195). Está claro que o bieito pontevedrés non mentía cando repite que os avogados e os fidalgos marchaban xuntos no asunto dos foros.

Sarmiento xa escribira sobre o patrimonio da Orde de San Bieito en 1743, con motivo do encargo que lle fixera a congregación, a cal lle solicitara un texto en que deixase claro que os mosteiros non eran, nin moito menos, tan ricos —opulentos— como pensaba moita xente e que, polo mesmo, non estaban en condi-

¹¹ O texto foi publicado por B. Barreiro de V. V. en *Galicia Diplomática*, III (1888), pp. 101-103, 110-112, 117-119 e 126-128.

¹² Algúns dos textos escritos arredor de 1700 puideron consultalos grazas á amabilidade de José Luis Díaz-Castroverde. *Vid.* un resumo da polémica en Villares / Díaz-Castroverde 1997: 27-28.

cións de pagar o oito por cento das súas rendas (non está claro se das brutas ou das netas, e tampouco o modo de contribuír) que a Facenda Real pensaba cobrar ao estado eclesiástico. Na relación que fai en 1767 dos pregos que redactara cada ano figura para o 1743: «Escribí 25 pliegos sobre el ocho por cien que había de pagar la religión Benedictina». A obra foi editada en 1879 en Compostela, e o autor comeza afirmando:

No hay error alguno que sea infecundo en sus resultas, pero dudo que en materia alguna haya más fecundo error en sus consecuencias, que el que hoy se mantiene en su tiranía, cuando se habla de la Religión Benedictina y de sus rentas. Unos la imaginan opulentísima, y cuando menos, sobrada. Otros, que es muy numerosa en sus Monasterios, como en sus individuos. Otros, que cada Monasterio es una Catedral, cuyo Abad tiene una renta casi Episcopal, cuyos PP. graves son Arcedianos, o Dignidades, cuyos Monges Coristas son unos Canónigos en sus rentas; y finalmente que no tiene individuo Religioso que no perciba anualmente grandes gajes y propinas. (Sarmiento 1879: 14-15)¹³

Non faltan os indocumentados que pensan que a orde ten moitos mosteiros en América e que cada día se fundan novas casas, que deseguido acumulan patrimonio por compras, doazóns e outros camiños.

Para desmentir opinións tan alleas á realidade, na obra tratou dos ingresos das comunidades e dos seus gastos, ben especificados —con datos concretos sobre as esmolas repartidas por San Martiño Pinario—, e insistiu en que desde a Baixa Idade Media non aumentaran os seus patrimonios e en que se había mosteiros ricos era porque lles foran agregados os bens doutros moitos suprimidos, como acontecera con San Martiño e San Paio de Santiago, Celanova e varios máis. En todo caso, na súa opinión, os monxes vivían con gran moderación e mesmo podían pasar necesidades, e a idea errada de que gozaban de toda clase de luxos nacía de que eran moi xenerosos cos hóspedes, aínda que sempre podía haber algún relixioso pouco exemplar.

Sarmiento non é un monxe inocente ou cándido que descoñeza a distancia que hai entre as normas da congregación e a vida cotiá dos relixiosos, pero os textos de 1743 e 1762 teñen carácter apoloxético —segundo el mesmo confesa

¹³ Consultei a edición dixitalizada no repositorio Minerva da Universidade de Santiago de Compostela.

varias veces no segundo caso— e tratan de defender a orde beneditina de ataques externos. En troques, en documentos doutra natureza, de uso interno, fai relación dos abusos que observa na súa orde utilizando expresións máis graves que as «calumnias atroces» que el atopa nos memoriais sobre foros. Na carta que lle envía en 1741 ao novo xeneral da congregación, o tamén pontevedrés Anselmo Mariño, relaciona en 76 puntos —que cualifica de «tumultuarias reflexiones»— os abundantes vicios dos monxes da congregación, nacidos da falta de observancia das constitucións, e os abades e outros cargos son os primeiros en dar mal exemplo.

Nada queda fóra da súa censura: a selección e formación de novizos; o incumprimento das obrigas de coro; as «prolongadas evagaciones, tunas y correrías» dos relixiosos, contrarias ao voto de clausura; o abandono das igrexas dos priorados, menos coidadas que as cortes dos cabalos das abadías; a falta de control do diñeiro que entra en poder do mordomo e doutros cargos, cando as constitucións eran moi precisas no tocante á rendición de contas cada pouco tempo; os xogos, e a tolerancia da posesión particular de cartos, ata cantidades importantes en moitos casos:

Lo que vi y oí es que administradores que entran sin camisa y sin ochavo en el oficio, salen con muchos baúles de ropa, muchas alhajas, y muchos doblones. Y lo peor es que gozan de todo esto pacíficamente, como si lo hubiesen heredado de sus padres. Y para hacer fatuos a los que lo admiran, dicen que lo sacaron de sus misas. ¿Habría descaro y desuello semejante, sabiéndose que muchos de ellos no dicen misa? Digo finalmente que todas las diversiones ilícitas tienen su origen en lo relajado que está el voto de pobreza, así en las cantidades como en el uso y abuso de ellas, hablando también a los prelados. Y añado que mientras no se destierre la frecuencia del juego en las celdas abaciales, y se entable algún entretenimiento literario en su lugar, que tenga algún atractivo, siempre será peligrosa cualquier diversión; y mucho más si los abades van delante en la relajación, ociosidad y tolerancia, como suele suceder¹⁴.

¹⁴ A carta foi publicada por Santos Puerto (2002a). Sarmiento non ten gran confianza na reforma que propón: «Gran cosa sería que todos los monjes, a imitación de los antiguos, alternasen el coro, oración y lección; pero esto es más para deseado que para pedido» (Santos Puerto 2002a: 282). O certo é que o xeneral Anselmo Mariño incorporou boa parte das propostas de Sarmiento á carta acordada ou programa de goberno do seu cuatrienio, documento en que censura moitos abusos; *vid.* Zaragoza Pascual 1973-1987, en concreto o tomo V (editado en 1984).

No ano 1752, nas *Notas al privilegio gothico de D. Ordoño II*, trata outra vez da escasa formación dos novizos e da aspiración de moitos monxes aos «oficios pingües», entre eles o de prior, co conseguinte abandono dos estudos, a diferenza do que acontece na congregación maurina, que para el debería ser o modelo que imitar¹⁵.

Algunhas das ideas expostas en 1743, comezando polas que atinxen á antigüidade dos patrimonios dos mosteiros, aos ataques e usurpacións que sufriron na Baixa Idade Media por parte da nobreza e á distribución de abundantes esmolos (cousa que non fan os fidalgos), repíteas desde 1762 na *Obra de 660 pliegos*, só que agora de xeito máis alporizado, pois o asunto dos foros tiña unha importancia moi superior á dunha contribución temporal, xa que a súa renovación forzosa, tal como a solicitaban o Colexio de Avogados, as Xuntas do Reino e outras autoridades civís e eclesiásticas de Galicia (caso do arcebispo Rajoy e do capitán xeneral —os que non menciona porque non lle parece oportuno—), equivalía a unha verdadeira confiscación dos bens da orde á que pertencía.

Un dos seus argumentos de partida é que as comunidades monásticas beneditinas teñen máis dereitos que calquera outra institución ou persoa ao seu patrimonio (ou ao que lles queda del, despois dos roubos que tiveron que aturar), debido a que pola súa fundación son moi antigas e amansaron terras que andaban a monte, que non tiñan dono —polo tanto, non as roubaron a ninguén— e que estaban moi apartadas de calquera lugar habitado. É dicir, para Sarmiento foron os monxes os que, coas súas propias mans, puxeron en cultivo espazos despoboados e salvaxes:

De este modo se percibe admirablemente la sucesión de los monjes en las tierras primitivamente desmontadas; no por sucesión física de padres a hijos, sino de padres a padres, en unos mismos monasterios y aun en unos mismos sitios individuales [...]. Aplicando todo lo dicho al Reino de Galicia, se hará patente a todos el origen y antigüedad de la posesión que la Religión de San Benito tiene a sus tierras en aquel reino antes que hubiese leyes, y atendiendo a los principios de la Era de los mártires, mil años antes que hubiese Bartolos y Baldos, y otros legistas de los siglos de la barbarie en toda Europa. (*660 pliegos*, §21)

¹⁵ Consultado en liña no web da Biblioteca Digital Hispánica.

Para ver o sitio onde estaban os antigos mosteiros chega con reparar na localización dos priorados, en orixe comunidades independentes e antes retiro de anacoretas. Precisamente, a conversión dos pequenos cenobios en priorados é o que permitiu o aumento das rendas das abadías beneficiadas pola agregación, como xa sinalara en 1743 (*660 pliegos*, §21-23).

Os mosteiros —repíte— tiñan, xa que logo, constituídos os seus patrimonios desde tempos moi recuados, antes de que houberse pandectas e comentadores, e, polo tanto, os preitos sobre terras e rendas non se poden resolver mediante «formularios forenses», senón que é preciso acudir aos informes de historiadores e anticuarios, e non á opinión de ignorantes e troleiros, que afirman que non hai diferenza entre unhas e outras ordes relixiosas, cando a historia proba que «los monjes, huyendo del comercio humano, se retiraron a los montes», namentres que «los mendicantes, huyendo de los montes, se establecieron en el centro de los lugares populosos». Os primeiros «solo desposeyeron a las fieras, lobos, osos, jabalíes y lobos cervales, y desnicharon a los culebrones y lagartos de sus grutas» (*660 pliegos*, §63). Estes supostos son para el evidencias que non debe pór en cuestión ningún xurista nin tribunal: «Es tan remota la antigüedad de la Religión que ya no necesita de instrumentos para sus derechos incontrastables. Y son tantos los instrumentos que aún hoy conserva que no necesita de mucha antigüedad para afianzar sus derechos». Outra cousa é que os escribáns, que non entenden os documentos antigos, se dediquen a fomentar preitos: «Cuando había menos escribanos, menos abogados y menos procuradores, había más fe pública, más sinceridad, más concordia en las familias y más pacífica posesión de lo que cada uno tenía» (*660 pliegos*, §311-312).

Sarmiento cualifica, en resumo, de calumnias as afirmacións de que as comunidades monásticas gozan dun patrimonio no seu día roubado aos seus lexítimos donos, que tiranizan aos pobres colonos, que os monxes viven ociosos e que os seus arquivos non teñen autoridade porque están cheos de papeis falsos: «Estas lisonjas a la religión de San Benito son de la última moda» (*660 pliegos*, §80). En 1752, nas *Notas al privilegio gothico* non negaba a fiabilidade dos arquivos dos mosteiros, pero recoñecía que en moitas ocasións estaban ao cargo de relixiosos sen preparación que aínda por riba se consideraban sabios, e que ao sacar copias cometían bárbaras manipulacións, cando non se dedicaban a esborranchar documentos de moito valor:

A esto se ha seguido la infame cantinela con que nuestros émulos, tan idiotas como el más idiota archivero, nos motejan de que fingimos, o componemos, los instrumentos; y que nuestros archivos no merecen fe alguna.

Cada día va tomando más vuelos esta pestífera y contagiosa cantinela [...]. (f. 7v)¹⁶

A orde está obrigada a defender a veracidade dos seus arquivos, pois tivo arquiteiros competentes, se ben «a vuelta de esos, también ha habido otros muy ignorantes y, al mismo tiempo, muy satisfechos. Y es constante que más daño podrá hacer un archivero idiota y satisfecho, que provecho una docena de archiveros inteligentes y cuerdos» (f. 8r). Pero formar un arquiteiro non é doado, ademais é un cargo desagradecido, por traballoso, en comparanza con outros pingües e que precisan menos estudos. En realidade, o de arquiteiro é o emprego máis importante dentro dun mosteiro; o que posúe todas as competencias que se precisan, «es un tesoro que no se halla con facilidad; ni dentro, ni fuera de la religión» (f. 11v). Pola contra, os arquivos parroquiais non teñen fiabilidade para Sarmiento, porque os reitores engaden e quitan follas segundo as circunstancias.

Nas súas orixes, os mosteiros puideron beneficiarse de herdanzas, pero «[h]ace muchos años que la Religión de San Benito ni admite legítimas ni compra tierras de nuevo» (660 *pliegos*, §82); tampouco anda á procura de mandas testamentarias. É certo que os cenobios foron no seu día moi favorecidos por legados e ofrendas de devotos, a xeito de esmolos, que na súa meirande parte acabaron perdendo por non escrituralas, e por compras e trocos, que xa non practican, salvo as mercas de bens de foros propios, para evitar que vaian a outras mans (o chamado dereito de retracto) ou para pagar melloras e *perfectos* nas terras, asunto referido antes. Recoñece, como non podía deixar de facer, que se beneficiaron sobre todo de doazóns e privilexios reais: «Siempre confesará la Religión de San Benito, agradecida a los señores reyes, que este título es el que más ha abultado sus haciendas desde sus principios» (660 *pliegos*, §173), non só con ocasión da restauración e repoboación posteriores «a la pérdida de España», senón con anterioridade á invasión musulmá. O que acontece é que

¹⁶ As *Notas al privilegio gothico* foron consultadas na web da Biblioteca Digital Hispánica. Existe unha edición desta obra, de J. Santos Puerto, dispoñible na rede: <https://studylib.es/doc/5338398/notas-al-privilegio-concedido-por-ordo%C3%B1o-ii-a-samos>. Véxase Sarmiento 2013.

agora os mosteiros conservan nos arquivos os privilexios deses legados, pero perderon os bens.

O feito de escribir de modo «tumultuario», mesturando temas, lévao a cometer algunhas incoherencias, como cando sinala que en Galicia e Asturias nunca houbo mouros pero di un pouco máis adiante que, conforme se restauraban catedrais e mosteiros, despois da invasión musulmá, os reis outorgaban a estas institucións xenerosas doazóns (660 *pliegos*, §149¹⁷ e 187). Tamén erra cando afirma, como xa fixera en 1743 ao escribir sobre os décimos, que «[e]ste capítulo de diezmos es el más fundamental de las rentas que hoy posee la Religión de San Benito» (660 *pliegos*, §121). As numerosas investigacións con que hoxe contamos concordan en que os décimos representaban arredor dun terzo dos ingresos totais dos mosteiros beneditinos e bernardos e en que eran moito máis importantes as rendas de foros (Villares 1981; Fernández González 1997). Poida que detrás desa afirmación, algo curiosa na pluma dunha persoa que coñecía ben as economías monásticas, estea o propósito de restar importancia ao patrimonio rústico dos mosteiros, pois el mesmo repite que despois de tantas minguas quedou reducido a «unos pocos terrones» que lles deixaron os fidalgos.

Iso si, de paso que trata dos décimos como ingreso principal das comunidades beneditinas, non perde a ocasión de lembrar as abundantes esmolas que reparten os monxes, unha obriga moral dos perceptores da mencionada renda, fosen seculares ou regulares. En certo modo, as esmolas xustifican a participación dos mosteiros na repartición do décimo, sen ter ao mesmo tempo —salvo nalgúns priorados— a obriga da cura de ánimas, e lexitiman a propia existencia de institucións que destinan a fins sociais unha parte dos seus copiosos ingresos, cousa que non fan outros grupos privilexiados. Por esta razón censura que moitos reitores que están en posesión de curatos ricos, en lugar de practicaren a caridade cos fregueses pobres ou de dotaren escolas, funden morgados, en particular os párrocos non galegos, que só aspiran a encher o peto canto antes e volver ricos ao seu país: «Hágase análisis de los vínculos y mayorazgos de Galicia, y se contarán por docenas, y acaso por centenares, los que se fundaron sobre bienes eclesiásticos, a

¹⁷ «Jamás hubo moros ni en Asturias ni en Galicia; esos países eran el refugio de los obispos, monjes y seglares que huían de las tiranías de los moros tierra adentro».

cuyo usufructo tenían y tienen hoy indisputable derecho los pobres» (660 *pliegos*, §121). E tamén:

Pregunto: ¿es equidad, justicia, razón y política eclesiástica, o política de Dios, el que, habiendo tantos naturales cuyos padres y parientes diezman para el obispo y para que los curatos sean pingües, se vayan a buscar curas a países en donde todo cura ha de ser precisamente del país o diocesano? [...].

Galicia tendrá unos tres mil curatos. ¿Quién duda que si esos los poseyeren siempre los legítimos gallegos no estarían los pobres y labradores más aliviados? (660 *pliegos*, §377-378)

Logo estaban os cregos que, sen ningunha obriga espiritual na práctica, percibían os décimos dos chamados «beneficios simples» ou «préstamos»:

Hablo de cuatro perafustanes, que, vestidos de mojiganga a lo de abates, se pasean en los lugares populosos, jactándose de que comen de sus simples y que están quodlibeteando para casarse. ¿Quién persuadirá a Juan, labrador y pobre, que está obligado por todo derecho natural y divino a quitárselo de la boca y de su trabajo para alimentar a tanto títere y figurilla [...]? La Iglesia de Dios no ha señalado hasta ahora renta alguna, ni simple ni compuesta, para holgazanes y ociosos. (660 *pliegos*, §124)

Xustamente cando Sarmiento escribe sobre este asunto, comezaba entre o clero parroquial, favorecido pola política relixiosa posterior ao concordato de 1753, unha loita cos mosteiros pola repartición do décimo, pois párrocos e vicarios entendían que esa carga debía ir ás mans dos que daban «pasto espiritual» aos fieis. Os bispos apoiaron os curas e os preitos coas comunidades regulares chegaron ata a exclaustración (Saavedra 2021: 360-375).

En todo caso, as contas de varios cenobios poñen de manifesto que o bieito pontevedrés procura avultar as cantidades de cereal repartidas en esmolas: mil fanegas, por exemplo, lle atribúe a Sobrado, cando non chegaba a cincocentas. Neste punto hai que facer os cálculos sobre o total de rendas das abadías e priorados, como se pode comprobar no caso de Oseira: das cantidades de gran que entraban na casa central destinaba aos pobres o trinta por cento, pero, se se toman tamén en consideración os ingresos e gastos dos priorados, a porcentaxe anterior baixa ao sete, porque na portaría da abadía se distribuía, en efecto, moito centeo,

pero nas administracións periféricas, ben pouco. O mesmo pasaba noutros mosteiros, como o caso de San Martiño Pinario, que todos os días, antes de amencer, daba pan cocido a centos de composteláns que se presentaban na portaría (polo que gozou de gran sona de esmoleiro, como sinala xa o padre Yepes, e o propio Sarmiento no texto citado de 1743), pero non facían o mesmo os priores, que procuraban vender o máis posible (Villares 1981; Saavedra 2021: 249-292).

Sobre a reforma monástica impulsada polos Reis Católicos ten unha opinión ambivalente, pois considera que foi necesaria para a protección das comunidades monásticas, pero ao mesmo tempo deu lugar a que os relixiosos de fóra de Galicia pasasen a ocupar os cargos de abades e outros de xestión e a que por intereses familiares ou por ignorancia da realidade do país botasen a perder unha parte dos patrimonios:

En toda reforma superficial siempre Galicia ha cargado con el mochuelo. Con la reforma de Valladolid se inundaron los monasterios de Galicia de castellanos y de otros no gallegos, como si en Galicia no hubiese personas que pudiesen vivir santamente y reformados como vivieron en tiempos antiguos. Casi todos los abades eran extraños después de la reforma. Y esos creyeron que tenían autoridad para disponer de las haciendas de los monasterios contra los Sagrados *Cánones* [...]. No pocos de esos abades extraños desaforaron a la religión y aforaron los bienes a todo género de micos, sobrinos, parientes, paisanos, criados, etc., que llevaron consigo a Galicia como al país de la cucaña. (660 *pliegos*, §35)

Volverá sobre asunto noutro momento:

De manera que los gallegos no podían aspirar a la perfección como monjes, ni en su país ni en los extraños. ¿Y esto se llamaba reforma? Que se llamase y se llame unión en congregación, según el santo intento de los Reyes Católicos, para que unidos los monasterios se pudiesen defender de los insultos y usurpaciones de los avarientos seculares, convengo. Pero no en que haya sido reforma, sino estafa, comerse los castellanos todo lo suyo y todo lo de Galicia también. (660 *pliegos*, §133)¹⁸

¹⁸ Recoñece que «[e]n este siglo ya se han puesto las cosas en otro tono», e se miramos ao Císter é certo, pois desde 1740 saíron dos mosteiros galegos moitos abades e outros cargos importantes da congregación bernarda (Saavedra 2021: 38-48). Da reforma ocupouse en numerosos traballos Ernesto Zaragoza Pascual.

É certo, afirma, que os abades galegos anteriores á reforma e á creación das congregacións tamén fixeron foros moi prexudiciais para os mosteiros, pero teñen ao seu favor que obraban ameazados por cabaleiros violentos en épocas en que a forza bruta era a lei. Con todo, habería que matizar o que di da mala xestión económica dos abades foráneos, pois a entrada dos mosteiros nas congregacións beneditina e bernarda, segundo os casos, motivou que o goberno e a administración das comunidades estivesen sometidos a unhas normas homoxéneas, que figuran nas constitucións e nos mandatos das visitas. Polo mesmo, a capacidade dun abade para tomar decisións estaba moi limitada polas constitucións e outros acordos, aínda que, como dicía o propio Sarmiento na carta citada de 1741 e como se pode ler nas circulares de varios xenerais da relixión beneditina, a miúdo normas e prácticas non concordaban (Zaragoza Pascual 1973-1987).

Os supostos foros ruinosos outorgados despois da reforma danlle ocasión a Sarmiento para entrar no tema do subforo, pois para el aquí radica o problema principal do conflito orixinado polas ilegais pretensións dos fidalgos, que non é outro que a corrupción que representa a cesión das terras a non cultivadores directos ou intermediarios convertidos en lacazáns, que non por casualidade son os mesmos que, pola conta que lles ten, tratan de que o monarca obrigue por lei aos mosteiros a renovar os foros: «Bien se conoce que los contrarios no saben qué es foro, o lo disimulan. El foro que se hace a uno para que lo subfore a otro, y este a otro, y este le arriende a un pobre labrador, no es foro, sino mohatra» (660 pliegos, §38).

Os mosteiros non deben renovar os foros, cando rematen, aos medianeiros, pois así o establece unha das constitucións da orde beneditina imprentadas en 1706, que cita: «Mandamos a los abades de Galicia y Asturias que no den foro alguno y hacienda *a vita*, ni en arriendo, a persona que no lo haya de labrar y granjear por sí, sino aforarlo y arrendarlo a otros» (660 pliegos, §44). A maiores, Filipe V promulgou unha real cédula o 17 de abril de 1744, «la cual parece que se copió de dicha Ley benedictina sobre foros y arriendos», e que manda que os prelados das casas e mosteiros de real padroado «en lo sucesivo no aforen ni permitan aforar bienes algunos de sus respectivas dotaciones y pertenencias por más tiempo que el de nueve años, con la precisa calidad de no poder subforarlos» (660 pliegos, §45), e se lles parece oportuno facer algún foro deberían comunicalo primeiro á Real Cámara.

A disposición de Filipe V non menciona directamente os mosteiros beneditinos, pois non estaba claro que pertencesen ao padroado real (a orde fixo algunhas pescudas nos arquivos en 1736, nas que parece que participou Sarmiento), pero concorda coas constitucións da congregación, cousa que os «pegotes intermedios» deberían ter en conta cando arman tanto alarido para que se lles renoven as cesións (660 *pliegos*, §38, 45 e 47).

É obriga da orde beneditina defender os pobres labregos, e non os nugalláns que fundan morgados cos bens da Igrexa que levan cedidos en foro, e proclama que os mosteiros sempre cumpriron con ese cometido:

Como la religión de San Benito se estableció en los desiertos y sus monjes se alimentaban del fruto de cultivarlos, cada monasterio, a los principios, no era más que un labrador honrado; de eso vino el afecto que a la agricultura tienen los benedictinos y el cariño con que tratan a sus colonos, pues sin ellos no pudieran subsistir [...]. Por eso siempre han sacado la cara por los pobres. (660 *pliegos*, §55)

Por se non bastase isto, engade:

Los monasterios son verdaderos padres espirituales y políticos de sus pobres colonos. Los estiman y aprecian como a pobres y comensales [...]. Es frecuente de bajarles o perdonarles la renta en los malos años y socorrerlos con granos para la sementera. Conduélense mucho los monasterios de no poderlos aliviar de las opresiones de los caciques de la moda, y bien conocen que, sin querer, los mismos monasterios han tenido la culpa, *in radice*, de estas opresiones. (660 *pliegos*, §353)

Escribindo *pro domo sua*, como quedou indicado, o autor da *Obra de 660 pliegos* tiña que dar a entender que non existían conflitos entre mosteiros e colonos, polo trato paternal que os primeiros practicaban cos segundos. Claro que non podía descoñecer —e máis sabendo tanto de arquivos e da súa utilidade nos tribunais— que as tensións, manifestadas en preitos e, nalgún caso, en motíns (como os de centos de foreiros contra Celanova nas décadas de 1670-1680), formaban parte das relacións cotiás entre monxes e labregos. Non lle gustaría que o público coñecese o consello que lles daba en 1768 o xeneral dos bernardos aos priores: habían de procurar vivir «en buena inteligencia con todos, hasta con los

plebeyos, a quienes se debe perdonar el rústico desahogo de el sentimiento que les ocasiona el pagar lo que deben, por el principio que seguía el célebre ministro de un gran Monarcha, que decía que de semejantes no se debe hacer más aprecio, cuando se trata de la cobranza de las rentas, que de el cacareo de las gallinas, con tal que pongan los huevos» (Fernández González 1995: 307)¹⁹.

Os inimigos —ou contrarios— de Sarmiento son, polo tanto, os subforistas medianeiros e os seus valedores, o Colexio de Avogados da Real Audiencia e os sete rexedores —un por cada cidade cabeza de provincia— que, na condición de cabaleiros deputados, forman as Xuntas do Reino, ou simplemente o Reino, institución á que nega representatividade ao estar composta por tan poucos membros, a pesar de que desde a década de 1540 viña actuando como asemblea que falaba e tomaba acordos no nome de toda Galicia. Entende, sen ofrecer probas, que moitos dos intermediarios da súa época descendían de casteláns que viñeran a Galicia na compañía dos primeiros abades reformadores:

[P]asaron a Galicia como abades a aforar, a trompa y talega, tierras, diezmos, cotos y granjas a sus paniaguados alienígenas. Ninguno dirá que los antepasados de estos tenían en Galicia un comino. Y si esos son antepasados de los que hoy poseen los foros, ¿qué ascendencia gallega nos quieren jacarear con memoriales de Bartolos y Baldos? (*660 pliegos*, §135)

Non aforra adxectivos pexorativos á hora de cualificar os fidalgos subforistas —ou «caciques»— que gozan de morgados, fundados, sen respectar a legalidade, cos bens da Igrexa, que levaban de modo temporal, ben por voces, ben por vidas de reis:

Soy testigo de vista que la miseria de los dichos gallegos es mucho mayor que la que se pinta en el dicho memorial. Averigüé por mí mismo las causas de ella. Y todo consiste en que entre el labrador y el directo dominio se mete una rastra de chamarilleros, que todos quieren comer y triunfar a costa del sudor del pobre. El ir demostrando esto es el principal

¹⁹ Os preitos entre os mosteiros beneditinos e bernardos están ben documentados, aínda que as relacións cos colonos non son as mesmas en todos os casos. *Vid.* datos sobre Celanova e Ribas de Sil en Duro Peña 1977; con carácter xeral, *vid.* Saavedra 1990: 148-162.

asunto de este papel, vindicando de camino el incontrastable derecho de la Religión de san Benito a lo poco que posee. (660 *pliegos*, §348)

Efectivamente, sendo o foro unha cesión temporal, os bens incluídos nel, xa se trate de casas e terras, rendas, décimos, dereitos de padroado, etc., non poderían incorporarse a unha fundación que se facía «para siempre jamás» —ou sexa, que debía durar ata a fin do mundo—, como era en principio o morgado. Pero ata os conventos de monxas admitían como dote das novizas bens forais, sen comprobaren antes se tiñan a condición de libres:

Cada día se pegan estos petardos. Quienes más se clavan en esto son los conventos de monjas. [...] No hay que admirar que a unas señoritas inocentes, nobles y tan reclusas les hayan pegado tantos marros los seglares en materia de foros, etc. Lo que se debe admirar es que a unos monjes, con más barbas que un zamarro y preciados de doctos, críticos y literatos, les hayan pegado muchos más. (660 *pliegos*, §323-324)

Está claro que o comprador de terras aforadas só adquire o dereito útil «por el tiempo que hay hasta la vacante»:

Aquí se descubre la ignorancia, hermanada con la malicia y añagaza de los contrarios. Ven que cada día se multiplican los mayorazgos en Galicia, donde hay poquísima tierra libre. Saben que no se pueden hacer sin recurrir a la Iglesia, a los pueblos, a los comunes de los lugares y a foros ajenos que se comprenden. No ignoran que algunos mayorazgos están fundados en el aire y que tarde o temprano reclamarán los del directo dominio. Pues, ¿qué remedio? Dése queja al Rey y que mande que se arruinen los pobres, las iglesias, los monasterios, los pueblos, etc., para que no peligren los mayorazgos. (660 *pliegos*, §61)²⁰

Sarmiento acusa de incongruencia os avogados autores do ditame, por teren defendido con anterioridade en preitos a reversión dos bens forais ao directo dominio, unha vez que as cesións cumpriran os prazos: «¿Cómo, pues, ahora

²⁰ Máis alá da crítica que fai aos morgados fundados en Galicia con bens forais da Igrexa, Sarmiento entendía que en xeral a multiplicación de morgados era un atranco para o adianto da agricultura, idea admitida entón. *Vid.* Santos Puerto 2002b: I, 437-444.

embarraron papel con sus mismas contradicciones desaforadas? ¿Cómo? Comiendo y para comer» (660 pliegos, §206). Seguramente, o que eles queren é fundar tamén morgados á custa dos bens da Igrexa, se non o fixeron xa:

Los abogados de La Coruña, que sean o no sean gallegos rancios, o comen o esperan comer de foros de la Iglesia o de los señores —y ya les retoza el prurito de fundar mayorazgos o de engrandecerle (si poseen alguno) para perpetuar su familia— no ignoran que mayorazgo sin hacienda totalmente libre va fundado en el aire. ¿Pues qué remedio? Fácil. Agregarse a sus compretendientes y formar el informe sin forma y aun sin materia, y solicitar que las haciendas de los monasterios se hagan libres y mostrencas, y que las que están ya aforadas se perpetúen en una misma y sola familia secular. Tomando el título Colegio de Abogados de La Coruña, y firmando solos cinco y acompañando al memorial de unos regidores precarios y de *nudius tertius* de siete ciudades, firmando solos siete con el falso título *El Reino de Galicia*, está amañado todo el embuste. [...] No es colegio de abogados, sino pandilla de pretendientes. (660 pliegos, §208-209)

É preciso, engade, «desvanecer el falso título del Reino de Galicia que ridículamente se arrojaron siete regidores de las siete ciudades de Galicia. ¿Y en dónde están los poderes de los concejos de Galicia que solos esos representan todo el reino en compañía del estado eclesiástico y del estado noble?» (660 pliegos, §332). Esta reclamación do protagonismo dos concellos cadra co que escribe noutros lugares sobre o papel dos cabezas de casa e dos homes bos á hora de tomar acordos e arranxar conflitos comunitarios. En certas materias, caso do que toca ao goberno local, Sarmiento ten algo de libertario.

A lei 69, título 18, partida 3, do código das *Partidas*, invocada no *Memorial* do marqués de Mos como norma que obrigaba á renovación forzosa, non tiña nada que ver co asunto dos foros, pois atopaba a súa interpretación correcta na lei 26, título 31, que aclaraba que cando se cedía o usufruto dun ben a un concello sen concretar a duración, entendíase que o prazo era de cen anos, un período equivalente á vida de tres xeracións, e o mesmo había que entender para cesións a particulares. A proba de que a mencionada lei non obrigaba ao directo dominio a renovar é que nunca no pasado o fixo nin foi invocada con tal finalidade en Castela, e só agora os avogados da Coruña, metidos a comentaristas, botan man de «falsos testimonios garrafales, calumnias atroces, imposturas increíbles y

fanatismos desaforados» e argumentan que os intermediarios queren defender os pobres:

Vistámonos de pieles de los pobres gallegos, que hemos desollado, después de haberles comido la sustancia y chupado su sudor, y voecemos: daca los pobres, toma los pobres, y vuelvan los pobres, que padecen mil extorsiones de los benedictinos. (660 *pliegos*, §582)

A confirmación, *a contrario sensu*, de que a miseria dos labregos estaba causada polos caciques ou intermediarios que se aproveitaban do subforo de bens da Igrexa e quedaban co oitenta por cento das rendas pagadas polos labregos estaría na situación da freguesía de Poio, a ideal para el:

En donde no hay tales caciques, sino que los labradores se utilizan en todo su trabajo con sola la moderada pensión al directo dominio de algún monasterio benedictino, es numeroso el vecindario, comen y visten medianamente y no tienen envidia a otro labrador alguno. El monasterio benedictino de San Juan del Poyo, en Galicia, forma un solo curato [...]. En este curato [...] viven y se alimentan más de 800 vecinos: y ninguno anda desnudo, ni muere de hambre, ni necesita salir de su rincón para ser feliz con la felicidad de un labrador. [...]

Esa felicidad se debe a que hasta ahora no ha entrado en el curato del Poyo la peste del caciquismo. Todo, todo el terreno le utilizan los labradores que por sus mismas manos le cultivan. [...] He oído que el priorato benedictino de San Salvador de la Arnoya tiene cerca de 600 vecinos bien acomodados; y es porque allí no ha metido el hocico sino un único cacique, y aun ese sobra. (660 *pliegos*, §357-358)

De modo que a poboación só aumentará se non «se entremeten zánganos y ociosos que chupen la miel que trabajan los labradores como laboriosas abejas. Si a estas se les quita toda o casi toda la miel, llevó el diablo todo el colmenar». E non só iso, senón que os veciños de Poio, de resultas do bo trato do mosteiro e da ausencia de caciques que se aproveiten deles, vivían moitos anos, como xa sinalara Feijoo no tomo I do *Teatro crítico* cando conta que, segundo certificación do monxe que atendía a parroquia, en 1724 moraban nela «trece viejos feligreses, cuyas edades sumadas subían a 1499 años», ou sexa, que tiñan 115 anos de media, «y los tres más mozos tenían 110 años». Todos os fregueses «viven en

una paz octaviana y no necesitan de abogado ni de médico; y en sus particulares diferencias recurren al abad como a árbitro (como soy testigo) sobre el agua para regar» (660 pliegos, §359-361)²¹.

Desde logo que o retrato arcádico que Sarmiento fai de San Xoán de Poio non se axusta á realidade, pero servía para soste que os colonos vivían felices cando só tiñan por riba deles os monxes. A freguesía, da que entón formaba parte Combarro, tiña 650 veciños en 1750, e a emigración de homes era moi intensa, pois no censo de 1768 entre as persoas solteiras de máis de 16 anos figuran 723 mulleres e só 334 varóns, unha situación que viña de atrás, pois no grupo de 40 a 49 anos a fonte conta 15 homes e 88 mulleres, e por riba de 50 anos, 84 e 266, respectivamente²². Polo que sinala o monxe que atendía a parroquia en 1793, moitos casados residían na baía de Cádiz e non amosaban interese por volver para os seus lugares:

De los casados que salen a reinos extraños, o fuera de la tierra, hay mil quejas de sus muxeres, y bien justas. Molestan a los curas para que escriban al vicario eclesiástico de Cádiz, o del Puerto de Santa María, o a los mismos maridos para que vengan a cuidar de sus familias. Y yo, aunque lo hice algunas veces, nunca logré el efecto que se deseaba²³.

Por outra parte, nunca faltaron os preitos entre o mosteiro e os colonos: no Arquivo do Reino de Galicia consérvanse uns douscentos expedientes abertos por iniciativa dos relixiosos desde a segunda metade do XVI ata a exclaustración, principalmente para recuperar terras e cobraren débedas, aínda que a tipoloxía dos preitos é variada e os demandados pertencen a diferentes parroquias, e non só á de San Xoán de Poio. Os veciños desta tamén puxeron algún preito ao mosteiro, antes ou despois da vida de Sarmiento: en 1599, 1814 e 1818 (tamén hai un expediente dubidoso de 1699)²⁴.

²¹ Pola contra, o mosteiro de Lézec deixara que os caciques se fixesen con terras nos arredores, de modo que a situación dos colonos sería peor.

²² O censo de 1768 (censo de Aranda), por bispados, pode consultarse en liña no web do INE.

²³ «Directorio de los padres curas para el gobierno del curato de San Juan de Poyo», *Compostellanum*, XV (1970), pp. 267-306.

²⁴ Os expedientes do Arquivo do Reino de Galicia tamén poden verse no portal Galiciana, nas seccións «Veciños» e «Mosteiros».

A chamada fidalguía intermediaria fórbase consolidando desde a primeira metade do XVI, e hoxe sabemos ben, polos estudos fundamentais de Ramón Villares (1982) e por outros posteriores (Presedo Garazo 1997; Migués 2002), a procedencia social dos fundadores de casas, a cronoloxía da creación de morgados, a composición e os mecanismos de formación dos patrimonios e mais as estratexias de reprodución social das familias. Non houbo maiores conflitos entre os mosteiros e a pequena nobreza ata o século XVIII, e os abades non outorgaron foros por engano a determinadas persoas poderosas, senón para pagar favores ou por relación de parentesco no caso das monxas. San Paio de Santiago, por exemplo, concedía moitas terras en foro ás familias das monxas, as máis lustrosas da fidalguía galega, como ten sinalado Concepción Burgo (1986). Esta situación de entendemento —que non evitaba preitos con algúns vinculeiros— quebrou no XVIII, pois, á vista da vontade dos mosteiros de converteren os foros en arrendos, formouse unha fronte contraria heteroxénea e resolta a impedir por diferentes vías ese cambio. Como os fidalgos eran os que desde as institucións (rexementos das cidades, Xuntas do Reino) dirixían unha resistencia que utilizaba, entre outros medios, a crítica á opulencia das comunidades bernardas e beneditinas —que abandonaran a antiga austeridade despois de enriquecerse—, nos claustros apareceron tamén voces pedindo quitar do medio os subforistas, que en lugar de estaren agradecidos daban guerra e vivían con toda clase de luxos.

Sarmiento participa desas ideas, pero non é o único, e a palabra *cacique*, co senso de persoa poderosa, soberbia e déspota, aparece con certa frecuencia na documentación dos mosteiros: «[C]aciques caballeros de este Reino», «prestar a caciques es el mayor disparate que puede hacerse», «que respiren de la opresión en que les han tenido los subforos de los caciques», son algúns exemplos²⁵. Para un monxe de Montederramo non era oportuno facer foros aos fidalgos, por desagradecidos e belicosos en preitos:

No es razón ni ley de Dios querer quitárselo a los pobres labradores, que han pagado las rentas al monasterio puntualmente, y meterlo en manos de quien ha de tratar a estos

²⁵ O *Diccionario de Autoridades* contén dúas acepcións do termo *cacique*: 1) «Señor de Vasallos, o el superior de la Provincia o Pueblo de los Indios», e 2) «Por semejanza se entiende el primero de un Pueblo o República, que tiene más mando y poder, y quiere por su soberbia hacerse temer y obedecer de todos los inferiores». Non é preciso dicir que este é o sentido con que o usan Sarmiento e outros monxes.

pobres tiránicamente, engordando ellos y empobreciendo a los otros, y al monasterio hacer lo mesmo; y después de hacerles mucho beneficio se muestran tan agradecidos que no oímos de sus bocas sino injurias y baldones, y tirar a ver cómo se pueden levantar con las haciendas, que no sea en todo, a lo menos en lo mejor y más florido de ellas, como por experiencia lo estamos experimentando; y todo esto sucede por dejarnos llevar de los empeños que para conseguirlo buscan, y después de conseguido se están riendo de nosotros y sacando la lengua de por detrás y diciendo en sus conversaciones: «son grades religiosos, unos pobrecitos, pues de no serlo mal pudiera yo haber conseguido mi intento». Padres, abramos los ojos y demos de mano a tales sujetos, y amparemos a nuestros pobres colonos, vasallos y comensales, pues de esta forma haremos una obra grande de caridad muy acepta a los ojos de Dios, aseguraremos nuestras haciendas y, por poca renta que se aumente, nos libramos de unos enemigos que con su poder y riqueza, que a costa de los monasterios gozan, nos están continuamente haciendo la guerra, ya en la hacienda, ya en la honra, a la que primero tiran, para de esa forma juntar gente contra nosotros. Buen ejemplar tenemos en el Memorial presentado a Su Magestad sobre la perpetuidad de los foros... (Ferro Couselo 1943-1944: 155-156)

Un texto que circulou polos mosteiros cistercienses dicía que todo o que podía pasar se os fidalgos perdían os foros de bens da Igrexa era que quedarían privados «de las espadas de París, relojes de Londres, encaxes de Flandes, diamantes de Galconda, tapices de Persia, muñecas de China, y otros apatuscos de los países del Frenesí», aínda que para eles estas aparentes penurias representarían «un golpe descomunal y rudo» (Duro Peña 1977: 208-209).

O bieito pontevedrés só combate os subforistas poderosos —e os valedores—, grupo que identificamos coa fidalguía intermediaria, na que foran entrando ou trataban de facelo familias de escribáns, avogados, comerciantes... Non presta atención ao feito de que outros sectores sociais, como labregos e cregos, tamén acudían a esa práctica para conseguir algunha renda, nunha situación en que a demanda de terra non deixaba de subir, debido a que Galicia tiña entón 1 350 000 habitantes en 300 000 fogares, dos que só o cinco por cento estaba nas cidades e vilas (Pérez García 1995; Dubert 2012).

O seu discurso perdería forza se admitía que na oposición á nova política foral dos mosteiros participaron, como quedou adiantado, sobresaíntes membros do clero secular, caso dos arcebispos Monroy (en 1715 recoñecía que os desafuza-

mentos reducían os colonos «en el octavo grado de la miseria») e Rajoy, para quen as rendas forais tiñan pouca importancia en comparanza co voto de Santiago (e Rajoy pertencía a unha familia fidalga eumesa); así como tamén grupos —en ocasións de varios centos— de labregos que non pasaban por quedar convertidos en arrendatarios, sen ningún dereito sobre a terra, e mesmo unha parte do clero parroquial, desde reitores —«abades» en Ourense e Tui— ata cregos «mercenarios», nada amigos dos mosteiros e non poucas veces parentes dos labregos ameazados cos desafuzamentos, cando non o estaban eles mesmos.

Xa no seu día Ferro Couselo, moi bo coñecedor da documentación monástica, escribiu que «la enemiga que aquellos [os cregos] tenían a los monasterios no era ciertamente muy inferior a la de éstos [fidalgos]», pola repartición do décimo e por competencias de xurisdición, e mencionou a carta que un prior de Oleiros lle mandara en 1755 a un monxe de Oseira que logo foi abade, para queixarse dun «mercenario» nada considerado cunha comunidade tan principal: estimaba que era unha «ignominia que un crego *salta regueiros* haga burla del monasterio», e o prior de San Miguel de Rosende, pertencente a Santo Estevo de Ribas de Sil, denunciou en 1734 un patrimonista, «inquieta y revoltoso en la república», quen, con ocasión duns trámites para un embargo de uvas, o tratou de modo indecoroso: «Padre prior —parece que lle dixo—, si está inchado, eche un cuesco y reviente» (Ferro Couselo 1943-1944: 160) A estes cregos sen cura de ánimas chamáballes Sarmiento *raspalleiros* e non os quería nas colonias agrarias que proxectaba: «Desterraranse los clérigos mercenarios, a los que por desprecio llaman en Galicia *raspalleiros*, y que dan poco honor al estado eclesiástico» (660 *pliegos*, §702).

Como exemplo de axuda activa dos párrocos na loita contra os desafuzamentos pode citarse un preito do mosteiro de Melón contra varios foreiros do Ribeiro. Primeiro conseguiron en 1765 que o provisor do bispo de Ourense metese na cadea o relator da Real Audiencia que trataba de dar posesión dos bens en disputa á comunidade. A decisión do xuíz eclesiástico causou grande escándalo no tribunal da Coruña, pero foi apoiada por dúas ducias de abades ou párrocos, que, cando o relator recuperou a liberdade e puido continuar co seu traballo, acudiron desafiadores, algúns armados con escopetas e pistolas, á reitoral de San Miguel de Osmo para defender a xurisdición e inmunidade eclesiásticas (Díaz-Castroverde 1995: 140-142; Saavedra 2021: 136-138).

Para Sarmiento estaba claro que o que pretendían os defensores da renovación forzosa era un latrocinio dos bens que pertencían desde sempre aos beneditinos por «derecho divino, natural, legal, real, pontificio y de posesión de más de mil años» (660 *pliegos*, §364):

Y no será pedir mucho que tampoco la Religión de San Benito se deba aquietar en semejantes casos, y en especial siendo la materia tan grave como es la de quererla vilipendiar con atroces calumnias, para hacer paso a la inicua, injusta y sacrílega pretensión de que se le enajenen sus tierras y para siempre, solo porque en Galicia se multipliquen los mayorazgos que jamás se puedan enajenar. (660 *pliegos*, §226)

Pero a práctica ou estilo dos tribunais, e en particular a da Real Audiencia de Galicia, lembra, ía en contra desa intolerable e ridícula pretensión, que non atopaba apoio en ningunha xurisprudencia:

Búsquese un texto canónico, citándose aquí tantos, *De rebus Ecclesiae non alienandis*. Búsquese una ley española expresa y clara habiendo tantas que concuerdan en lo mismo con las eclesiásticas. Búsquese alguna costumbre de los siglos remotos en Galicia, según la cual la Iglesia, *velis nolis*, haya estado obligada a renovar foros hasta que venga el Anticristo. Búsquese fórmula de algún foro, en la cual no sea expresa la condición a satisfacción recíproca de las partes que, en acabándose el término del foro, no se le deba entregar al monasterio el terreno aforado.

[...] Búsquese alguna práctica de la Real Audiencia de La Coruña, según la cual se haya obligado a algún monasterio a que *velis nolis*, acabado el foro, le renovase si no le tenía conveniencia. Finalmente búsquese en esos memoriales una razón siquiera aparente para que el que tiene una capa no pueda hacer de ella un sayo. (660 *pliegos*, §210-211)

A xurisprudencia da Real Audiencia viña establecendo, efectivamente, segundo quedou indicado, ordenar a devolución dos bens ao directo dominio despois de que este acreditase a titularidade e o remate dos prazos da cesión. Non obstante, cando Sarmiento comeza a redacción da *Obra de 660 pliegos* o tribunal estaba dividido, talvez porque o capitán xeneral e gobernador se amosaba partidario da renovación forzosa, o mesmo que o Colexio de Avogados, os rexementos das sete cidades e as Xuntas do Reino, e inclusive o Consello de Castela —do que a

Audiencia era «filial»— en disposicións *ad casum*, ditadas para resolver conflitos concretos que afectaban a moitos colonos, como foi o caso dos veciños de Portas co mosteiro de Sobrado e o dos de Montecubeiro con San Domingos de Lugo, estudados por José Luis Díaz-Castroverde (1992).

De feito, o informe do máis alto tribunal do Reino, datado o 15 de febreiro de 1762, só vai asinado polo rexente e por tres oidores. A solicitude do ditame, que enviaran o secretario da Cámara e o Consello de Castela, ía acompañada dun exemplar dun memorial das Xuntas do Reino e doutro presentado polos veciños de Cubeiro (Montecubeiro, que xa preitearan na Audiencia e logo armaran motíns para non deixar as terras aforadas). O informe é ponderado e coidadoso, e de xeito elegante os asinantes amosan a súa desconformidade coas conclusións de Salgado Somoza (citado varias veces polo seu prestixio) e co memorial do Reino. Salgado e algún outro xurista buscaran apoio en moitas autoridades para soste que se podía obrigar a Igrexa á renovación forzosa dos foros, pero ao final só acreditaron «su empeño, y delicadeza en discurrir, pero con suma dureza a la genuina inteligencia, que los dan los muchos, que los glosan, y de lo que prácticamente se convence con evidencia» (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 202). En resumo, ningunha lei obriga á renovación forzosa, e:

Bajo de estos supuestos decimos, Señor, que la práctica que ha observado esta Audiencia en los pleitos que han ocurrido a ella (no sobre la renovación, porque no hay memoria, ni ejemplar, de que se haya introducido, ni pretendido contenciosamente sino sobre despojos, por haberse fenecido la enfiteusis) es condenar a los llevadores de los bienes demandados a su restitución con los frutos, y rentas, vencidos desde la litis contestación, y a los de el dominio directo, a que les den y paguen las mejoras y perfectos, que hacen constar serles legítimamente debidas conforme a la naturaleza del contrato, y a las condiciones justas, en que al tiempo del otorgamiento se convinieron las partes, pero sin permitir se hagan despojos, hasta estar pagados los perfectos o mejoramientos debidos. (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 204)

Logo, se o dono do directo fai un novo foro a un estraño, o herdeiro ou os parentes do último posuidor terán dereito de retracto, en contra do que sosteñen os partidarios da renovación forzosa, entre eles os avogados e os deputados do Reino.

Rexente e oidores afirman, ademais, que pola súa experiencia saben que nas renovacións as rendas non adoitan subir moito e engaden que a partición de bens forais, a mestura das terras de diferentes dominios (que denunciara un monxe de Oia nun documento xa citado) e a venda de novas rendas situadas sobre parcelas aforadas como se estas fosen libres creaban moitos problemas de control ao directo dominio, o que daba orixe a abundantes preitos. Recoñecen as consecuencias perniciosas do subforo, que prexudica o cultivador (no que concordan con Sarmiento), pero non consideran oportuno pedir a súa abolición («por la calidad de muchas personas que tienen los bienes en si por enfiteusis») e, en resumidas contas, non son partidarios da renovación forzosa, pois daquela os problemas de control dos patrimonios por parte de mosteiros, catedrais e casas da alta nobreza agravaríanse ata o punto de que os donos do directo dominio quedarían «negados a usar de su derecho, pues a pocos tiempos con las enajenaciones, cambios, y confusión de bienes, ni hallarían poseedores a los recipientes, ni a sus herederos, y negando estos serlo, de quien cobrar, ni repetir la renta» (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 206-208).

Aínda nacerían outras inxustizas:

[S]i con la precisa renovación quedase negado el aumento de la pensión, terminaría solo a beneficio de los recipientes la utilidad, y asegurarían en sí con la pequeña pensión el cargar más a su arbitrio a los subforeros, y labradores, y en su fuerza y rigor la desnudez, y miseria. (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 208)

Engadían que eran do parecer de que os bens non se puidesen dividir entre herdeiros, e menos vincularse «sin consentimiento de el dueño del directo», como na práctica se viña facendo, e de que nas renovacións o aumento de renda se reparitise de xeito equitativo entre foreiro e intermediario (Villares / Díaz-Castroverde 1997: 209-210).

En fin, o ditame do rexente e dos tres oidores concordaba, no fundamental, coa posición dos monacais (pero hai que lembrar que os asinantes son unha minoría dentro da Real Audiencia), aínda que non trataba a posibilidade de converter os foros en arrendos. Si o admitía o tribunal poucos anos despois, en 1768, cando informou sobre os priorados e monxes granxeiros dos cistercienses: os mosteiros bernardos, aclara, non teñen «granjería» ou explotación directa, salvo os circun-

dos das abadías e casas priorais, pois todo o seu patrimonio anda aforado ou arrendado, «pero no tenemos duda de que dicha religión no renovará los actuales foros de legado el caso de su vacante, ni hará otros de nuevo en sus haciendas, por haberlo así dispuesto en una de sus congregaciones generales celebrada por los años pasados, en la que mandó que en lugar de foros se den en arrendamiento a los labradores las haciendas de los monasterios»²⁶.

Está claro que Sarmiento optaba polos arrendos no lugar dos foros, como mandaban as constitucións, visitas e pareceres da congregación beneditina:

Arrendadas de este modo las haciendas, ni se dividen, ni se confunden, ni se hurtan, se excusan demandas y pleitos [...]. Sobre todo, los colonos que por sí mismos las cultivaren tendrán que comer utilizando todo su trabajo, pagando únicamente cuatro, y se libertarán de pagar veinte [...]. (660 *pliegos*, §120)

Polo mesmo, cando un mosteiro poida consolidar o dominio directo co útil, «en ese caso hará pésimamente la Religión en aforarla, sino en arrendarla por nueve años en una pensión moderada, para evitar de raíz el que su hacienda ande de almoneda en almoneda, expuesta a pleitos, a oscurecerse, a que se mayorazgue clandestinamente por causa de ventas y compras. [...] En los arriendos podrá usar de mucha equidad para que los colonos viven aliviados y trabajen más y mejor las tierras» (660 *pliegos*, §591-592).

Cita o exemplo dos cenobios asturianos de Celorio e Corias, que teñen o patrimonio arrendado, «con la cual jamás hay pleitos, usurpaciones ni embudos» (660 *pliegos*, §608).

O 7 de febreiro de 1767 volverá sobre o asunto dos arrendos cando, por petición de «padres condecorados de mi religión», lle escribe a Campomanes para que anule as medidas que prohibían aos monxes granxeiros residir nos priorados, fóra da clausura, unha disposición que tiña efectos moi negativos para a xestión dos dominios monásticos, polo papel decisivo dos priores na administración e defensa dos patrimonios situados lonxe das abadías. Esas disposicións constituían «una nueva e inaudita tempestad», que se levantara en contra de prácticas consuetu-

²⁶ Colección de Documentos Históricas, vol. 1, p. 159. Documento publicado por César Vaamonde Lores. Consultado na web da Real Academia Galega.

dinarias da relixión beneditina: «Cada monasterio —afirma— no es más que un labrador honrado, un padre de familias adoptivo que sustenta muchos hijos de gente honrada, y en la portería muchos hijos de gente pobre [...]. El mayorazgo de un monasterio beneditino lo comen todos, ricos y pobres. Y ¿quiénes comen un igual mayorazgo de un seglar?. Presente este el libro de gastos y presente el monasterio el suyo, y se palpará la enorme diferencia que ya palpó el Amigo de los hombres». Engade que moitos bens dos mosteiros foron usurpados no pasado, unha teima repetida: «Desde entonces quedó la religión de San Benito bien escarmentada de poner sus haciendas y administración en manos de seculares, no siendo por puro arriendo y sin exponer el directo dominio a una sentina de pleitos interminables como le sucede con la mamarrachada de los foros, inauditos en Castilla»²⁷.

A estas alturas xa o Consello de Castela promulgara a real provisión do 11 de maio de 1763, que paralizaba os desafuzamentos e impedía aos donos do directo recuperar os bens de foros que remataran. Xa que logo, Sarmiento sabía desde entón que as cousas non pintaban ben para os mosteiros. Da real provisión faláballe á abadesa de San Paio de Santiago en xuño, poucas semanas despois de que se coñecese: a orde do Consello, di, foi cousa de dous ou tres membros del, «que, a cencerros tapados y sin oír a la religión, querían a vuelta de correo complacerse a sí y a todos los de su pandilla» (Sarmiento 1995: 507). A xurisprudencia sobre foros estaba da súa parte, pero había forzas e razóns de tipo político e social que pedían cambios, situación da que non se decatou ou da que non lle pareceu conveniente tratar: non só os intereses dos fidalgos, que el desautoriza, senón tamén os de moitas comunidades veciñais, apoiadas por cregos, escribáns etc. Contaba tamén o feito de que a política agraria dos reformistas borbónicos estivese orientada a garantir a estabilidade na posesión da terra do cultivador e a tendencia que se observaba na Europa moderna de reforzamento do dominio útil —que vai converténdose en verdadeira propiedade— fronte ao directo. Tampouco se pode esquecer que varios ministros de Carlos III tiñan pouca simpatía polos monxes,

²⁷ Unha copia atópase nos fondos de Lourenzá do Archivo Histórico Nacional (Clero, libro 6577, f. 48); existen dúas copias no mosteiro de Silos (*vid.* Simón Díaz 1972: 320 e 316, con algúns erros, en particular a segunda). Figuran tamén, tomadas dese autor, en Sarmiento 1995: 285-287 e 512-515.

que se converteran en donos de grandes patrimonios amortizados que impedían unha reforma agraria e que perderan toda función social.

Nesta situación, a *Natural Razón* do Reino, é dicir, a política, triunfou sobre o *Manifesto Legal* dos mosteiros e do conde de Altamira, ou sexa, sobre a xurisprudencia aplicada ata entón en materia de renovación de foros (Barreiro Fernández 1985; Villares / Díaz Castroverde 1997). Para Sarmiento, todo isto tivo que supor un gran fracaso e desengano, e máis sabendo que persoas coas que tiña amizade, caso dalgún membro da Congregación de Naturales del Reino de Galicia, fundada en Madrid en 1740-1742, como o V conde de Maceda, estaban de parte dos que loitaban pola renovación forzosa. Non descoñecía que os tempos estaban cambiando e que aínda virían outros peores, como lle dicía á abadesa de San Paio na carta citada de xuño de 1763: «Señora, no se aturda usted de cosa alguna, pues irá viendo cosas más monstruosas». Mais, como bo monxe e coñecedor da dilatada historia da orde beneditina, non dubidaba, firme na súa fe, de que as treboadas do presente acabarían por escampar: «Bien saben nuestros enemigos en que era viven, pero no saben en qué era morirán, y la religión de San Benito no ha de permitir Dios, ni nuestro Patriarca, que muera después de 1200 años que vive» (Sarmiento 1995: 507).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AVALLE, Anselmo (1773): *Oración fúnebre, que el muy reverendo P. M. Fray Anselmo Avalle, predicador mayor del Real Monasterio de San Martin de Madrid, dixo el día 7 de Febrero de 1773 en las Honras que dicho Monasterio celebró à la buena memoria de su famoso hijo el Rmo. P. M. Fr. Martin Sarmiento*, Madrid, Imprenta de Antonio Pérez de Soto.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1985): «A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación», en Carlos Barros / Xosé Vilas Nogueira (eds.), *Dende Galicia: Marx*, Sada, Edición do Castro, 243-258.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio (1972): «La pragmática de “perpetuación de foros”. Intento de interpretación», *Compostellanum*, XVII, 73-116.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio (2009): *El tabaco y el incienso: un episodio compostelano del siglo XVII*, Vigo, Nigra Trea.
- BURGO LÓPEZ, M.^a Concepción (1986): *Un dominio monástico femenino en la Edad Moderna: el monasterio benedictino de San Payo de Antecolares*, 3 vols. [Tese de doutoramento inédita]. Santiago de Compostela, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela.
- DÍAZ-CASTROVERDE, José Luis (1992): *Conflictividad social y régimen de propiedad en Galicia: la cuestión de los despojos*, 3 vols. [Tese de doutoramento inédita]. Santiago de Compostela, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela.
- DÍAZ-CASTROVERDE, José Luis (1995): «Conflictos por la tierra en la provincia de Ourense en el siglo XVIII; protagonismo del conde de Troncoso en la disputa», en J. de Juana / X. Castro (dirs.), *VIII Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 133-151.
- DÍAZ-CASTROVERDE, José Luis (2019): *Rebelión nos coutos de Castroverde. Vasallos e fidalgos contra os señoríos, séculos XV-XIX*, Lugo, Artes Gráficas Lucenses.
- DUBERT, Isidro (ed.) (2012): *Historia de la Galicia Moderna*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- DURO PEÑA, Emilio (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Ángel Ignacio (1995): *A fiscalidade eclesiástica en Galicia, 1750-1850*. [Tese de doutoramento inédita]. Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Ángel Ignacio (1997): «A igrexa como institución rendista ó longo do Antigo Réxime», en Gerardo Pereira Menaut (coord.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I. Historia*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, vol. 2, 37-77.
- FERRO COUSELO, Jesús (1943-1944): «Constitucionales y realistas: los Comuneros de Valdeorras», *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 14, 152-186.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1996): «Una aproximación a las superficies y rentas en el patrimonio de San Clodio del Ribeiro de Avia (Ourense)», en Antón A. Rodríguez Casal (coord.), *Humanitas. Estudos en homenaxe ó prof. Carlos Alonso de Real*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, I, 463-474.
- MIGUÉS, VÍTOR (2002): *As terras, as pousas e os vinculeiros: a fidalguía galega época moderna*, Sada, Edición do Castro.
- MONTEAGUDO, Henrique (2002): *Martín Sarmiento. Sobre a lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel (1995): «El régimen subforal en la Galicia occidental entre 1700-1850», *Obradoiro de Historia Moderna*, 4, 71-94.

- PRESEDO GARAZO, Antonio (1997): *Os devanceiros dos pazos*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- REY CASTELAO, Ofelia (1992): «El reparto social del diezmo en Galicia», *Obradoiro de Historia Moderna*, 1, 145-162.
- SAAVEDRA, Pegerto (1990): «Contribución al estudio del régimen señorial gallego», *Anuario de Historia del Derecho Español*, LX, 103-184.
- SAAVEDRA, Pegerto (2007): «Reforma fiscal y control del territorio: el catastro de Ensenada —o la confusión de Babel— en Galicia», *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXXVII, 771-844.
- SAAVEDRA, Pegerto (2013): *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e control do territorio na Galicia moderna*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SAAVEDRA, Pegerto (2021): *La opulencia de los hijos de san Bernardo. El Cister de Galicia, c. 1485-1835*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza.
- SANTOS PUERTO, José (2002a): «Carta de Martín Sarmiento al general de la orden, Anselmo Mariño», *Historia de la Educación*, 21, 263-286.
- SANTOS PUERTO, José (2002b): *Martín Sarmiento: Ilustración, educación y utopía en la España del siglo XVIII*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SANTOS PUERTO, José (2002c): «Una Bio-bibliografía actualizada de Martín Sarmiento: Catálogo de los pliegos (...) sobre diferentes asuntos», *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 6, 69-95.
- SARMIENTO, Martín (1879): *Manifiesto del recibo de rentas de los monasterios de la religión de San Benito y en que se emplean...*, Santiago de Compostela, Imprenta Paredes.
- SARMIENTO, MARTÍN (1995): *Epistolario*. [Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M^a Xesús Fortes Alén]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SARMIENTO, Martín (2008-2022): *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*, 5 vols. [Edición de Enrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- SARMIENTO, Martín (2013): *Notas al Privilegio concedido por Ordoño II al Monasterio de Samos. Reflexiones sobre archivos y archiveros*. [Edición de José Santos Puerto]. La Laguna, Universidad de La Laguna, Museo de la Educación.
- SIMÓN DÍAZ, José (1972): «El P. Sarmiento en los archivos de Campomanes y de Silos, seis cartas más», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 27, 306-321.
- VÍLLARES, Ramón (1981): «La economía del clero regular gallego ante la desamortización», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXII, 81-119.
- VÍLLARES, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- VÍLLARES, Ramón (1989): «Carlos III y la temporalidad del foro: los pleitos sobre despojos», en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 411-428.
- VÍLLARES, Ramón (1997): «A provisión de 1763, revisitada», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 209-224.
- VÍLLARES, Ramón / José Luis DÍAZ-CASTROVERDE (1997): *O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII*, Santiago de Compostela / Ourense, Xunta de Galicia / Caixa Ourense.
- ZARAGOZA PASCUAL, Ernesto (1973-1987): *Los Generales de la Congregación de San Benito de Valladolid*, 6 vols., Silos, Abadía de Silos.